



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de SETEMBRO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e sete de setembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(758).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 20 de setembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(759).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO EXTRAORDINARIO: PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS AO TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2024. EXPTE. 260710/301.

Visto o informe de fiscalización de data 18/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/09/2024, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe

de Área de Benestar Social e conformado polo o asesor xurídico adxunto ao Servizo e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 29.12.2023 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«PRIMEIRO: Aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2024)», elaborado polo Servizo de Benestar social (Exp. nº 260710/301) e dispoñer a súa publicación no BOPPO.

SEGUNDO: Autorizar a tramitación deste expediente como anticipado de gasto, de acordo co previsto no Art. 56 do RD.887/2006, do 21 de xuño e na Base de execución do orzamento xeral municipal nº 29.3.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.200.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia e “bono-taxi” para o exercicio de 2024 e de 50.000€ con cargo á nº 2310.780.00.00 para a concesión de axudas destinadas á adaptación dos fogares (eliminación de barreiras arquitectónicas, arranxo de deterioracións e de avarías imprescindibles para manter o uso da vivenda e/ou melloras da eficiencia enerxética da instalación).

CUARTO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social e ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos/as funcionarios/as habilitados/as dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social.

QUINTO: Publicar este acordo no taboleiro electrónico de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web municipal, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo <http://transparencia.vigo.org>.

SEXTO: Remitir á Axencia Estatal de Administración Tributaria a información precisa sobre as axudas que se concedan con cargo a este Programa mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións), indentificándoas coa clave “L” e a subclave 22».

II. O obxectivo deste Programa de subvencións directas de carácter social e de emerxencia non é outro que o de apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen dos recursos económicos indispensables para satisfacer as súas necesidades básicas en relación coa alimentación, o aloxamento ou calquera outra situación que poida supoñer un factor de marxinalidade ou risco de exclusión social.

III. A actual situación socioeconómica e, en especial, a necesidade excepcional de facer fronte ós realoxamentos en hostais de familias e usuarios/as procedentes de desaloxos, incrementaron significativamente o gasto destas axudas con respecto ó previsto nos orzamentos de 2024. Debido a este incremento, o gasto a 11.09.2024 era xa de 1.052.883,97€, polo que era evidente que a dotación orzamentaria inicial resultaría claramente insuficiente para finalizar o exercicio en curso.

IV. Por esta razón e para poder seguir atendendo ás situacións de necesidade da poboación vulnerable ata finalizar o ano 2024, o servizo de Benestar Social tramitou no Exp. nº 269152/301 unha transferencia de crédito por importe de 200.000 €, incrementando a aplicación orzamentaria nº



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

2310.480.00.00 (“Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios”) dotada inicialmente con 1.200.000 €.

V. Esta modificación orzamentaria (M.C. nº 72/2024), por importe total de 200.000€, foi aprobada por Resolución da Alcaldía – Presidencia do 30.08.2024.

Orixe dos Fondos				Aplicación dos Fondos			
Programa	Partida	Proxecto	Importe	Programa	Partida	Proxecto	Importe
2310	2279913		200.000,00	2310	4800000		200.000,00

VI. En consecuencia, procedería agora que a Xunta de Goberno Local, de acordo coas bases aprobadas, autorizase expresamente o maior gasto representado por esta modificación orzamentaria.

VII. Visto o que antecede e a normativa aplicable, unha vez que se emita o informe de fiscalización da Intervención xeral municipal, procedería propoñer á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Autorizar o gasto de 200.000 € con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.00 (“Axudas a familias e fondo de emerxencia desahucios”) para facer fronte ás axudas económicas de emerxencia para o exercicio de 2024, de acordo coas Bases do «PROGRAMA CONTRA DESAFIUZAMENTOS E DE EMERXENCIA SOCIAL E DE AXUDAS Ó TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE (2024)» da Concellería de Política Social (Exp. nº 260710/301) aprobado na Xunta de Goberno Local do 29.12.2023 e dotado inicialmente con 1.200.000 €.

SEGUNDO: Autorizar a realización de libramentos a xustificar por solicitude do Servizo de Benestar Social ata os importes máximos indicados anteriormente, a nome dos funcionarios habilitados dese Servizo, que serán aboados nas contas habilitadas de Benestar Social».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(760).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/09/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, a letrada-titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 28 de decembro de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3.725-321), así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O 3 de maio de 2018 a XGL acordou:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

“Adxudicar a UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (3.725-321) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 544.011,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.415,23 euros.*
- b) *Propón un incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”

O contrato formalizouse o día 24 de xullo de 2018. Iniciouse a súa execución o día 1 de agosto de 2018, por un prazo inicial de catro anos, con dúas posibles prórrogas dun ano de duración cada unha.

Terceiro.- Por acordo da XGL de 3 de marzo de 2022 acordouse unha prórroga dun ano, para o período comprendido dende o 01/08/2022- 31/07/2023 (expediente nº 3881-321).

Cuarto.- A XGL de 1 de setembro de 2023 acordou:

“PRIMEIRO: Axustar o prazo da primeira prórroga do contrato ao período comprendido entre o 01/10/2022 ao 30/09/2023, atendendo ao período no que o contrato estivo suspendido durante a situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

SEGUNDO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 22.667,15 € (IVE incluído), necesarios para atender o gasto derivado do contrato no período comprendido entre o 1/08/2023 e 30/09/2023, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279904 “AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS” do vixente exercicio orzamentario 2023.

TERCEIRO: Autorizar a 2ª prórroga dun (1) ano, para o período comprendido entre o 01/10/2023- 30/09/2024, do contrato para a prestación dos servizos de conserxería, control de accesos e información ao público nos Centros Municipais de Distrito, do que é adxudicataria UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., (U70556444) por acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de maio de 2018.

O importe da prórroga será de 136.002,89 euros, manténdose, no período de prórroga, a mellora ofertada do incremento de 4.000 horas anuais de apertura dos centros.

CUARTO: Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 136.002,89 euros, dos que 34.000,72 € corresponden ao orzamento de 2023 e 102.002,17 € ao orzamento de 2024, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279904 "AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS"

QUINTO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución (expediente 3885-321)."

En consecuencia, a data prevista de finalización deste contrato é o 30 de setembro de 2024.

Quinto.- En data 21 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto, de servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación (expediente nº 3891-321).

Sexto.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 25 de xuño de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Sétimo.- En data 16 de xullo de 2024, D^a. Cristina Pedrosa Leis, en nome e representación da mercantil COMBINA SOCIAL SLU, na súa cualidade de apoderada, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas Administrativas Particulares e a Memoria Xustificativa que rexen a presente licitación.

Oitavo.- O Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en Resolución nº 116/2024 de 8 de agosto de 2024, estima o citado recurso.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

Noveno.- A XGL, en data 13 de agosto de 2024, acordou tomar razón da resolución do TACGAL e dar traslado do expediente ao servizo de Contratación para dar cumprimento ao acordado polo mesmo.

Décimo.- A técnica de administración xeral do servizo de Atención Cidadá, en informe de 6 de setembro de 2024, solicita a tramitación da continuidade da prestación do servizo, por ser este esencial para cumprir coa obriga das entidades locais de facilitar servizos e a máis ampla información da súa actividade aos seus cidadáns.

Undécimo.- En data 13 de setembro de 2024 a XGL acordou aprobar de novo o expediente de contratación dos servizos de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3891-321) tras a modificación do prego de cláusulas administrativas en cumprimento da citada resolución do TACGAL.

Duodécimo.- En data 20 de setembro de 2024 procedeuse o anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

-Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

-Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito

(expediente 3.725-321) con carácter previo á formalización do novo contrato (expediente 3891-321) que garanta a continuidade do servizo

O contrato do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito adxudicouse mediante acordo da Xunta de Goberno local do 3 de maio de 2018 a UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., por un prazo de 4 anos e con 2 posibles prórrogas dun ano de duración cada unha, iniciándose a prestación o 1 de agosto de 2018 (apartado 4 do Anexo I -FEC- do PCAP).

A Xunta de Goberno Local, na sesións de 3 de marzo de 2022 e 1 de setembro de 2023 aprobou a primeira e a segunda prórroga deste contrato.

A segunda prórroga rematará o vindeiro día 30 de setembro de 2024, non estando previstas máis prórrogas. Na actualidade, estase tramitando un novo procedemento para a prestación do servizo, o nº 3891-321. O expediente de contratación foi aprobado polo órgano de contratación o 21 de xuño de 2024. No entanto, por resolución do TACGAL nº 116/2024 estimouse o recurso especial en materia de contratación interposto por COMBINA SOCIAL SLU, contra os pregos que rexen esta contratación. En execución da mesma procedeuse a modificar o pcap e a aprobación polo órgano de contratación de novo de expediente de licitación. Na actualidade enviouse en data 20 de setembro de 2024 o anuncio de licitación ao Diario Oficial da Unión Europea.

En consecuencia, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata o 30 de setembro de 2024 e o novo contrato non foi adxudicado, e xa é imposible que poida entrar en vigor antes da data de finalización do contrato en curso.

-III-

Necesidade da prestación do servizo de de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto a prestación dos servizos de portería, control de acceso e atención ao público e ás entidades sen ánimo de lucro nos centros municipais de distrito dependentes do Servizo de Participación e Atención Cidadá (apartado 2A do Anexo I -FEC- do PCAP).

Indica o informe da técnica de administración xeral do servizo de atención cidadá, de data 6 de setembro de 2024:

“O servizo de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito é primordial para o funcionamento das cinco instalacións ubicadas nos barrios de Teis, Casco Vello, Bouzas, Coruxo e Saiáns, garantindo o dereito da veciñanza a utilizar os servizos públicos municipais previsto no artigo 18.1.c) da Lei de Bases de Réxime Local (LRBRL), facilitando a máis ampla información sobre a actividade municipal a tenor do disposto no artigo 69 LRBRL e cumprindo coa obriga que o artigo 25.2 apartados l), m) e ñ) da mesma impón aos municipios sobre a prestación de competencias propias en materia de actividades, instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo. Así mesmo, o



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

apartado 3º do artigo 70 bis LRBRL dispón que as Entidades Locais e, especialmente, os concellos, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación ca veciñanza, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás; debendo facilitar a máis ampla información ás asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais e sectoriais da veciñanza – segundo o mandato contido no art. 72 LRBRL - e, dentro das súas posibilidades, favorecer o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades.

Neste eido, os cinco Centros Municipais de Distrito (CMD), dependentes do servizo de Participación Cidadá, son instalacións municipais nos que a veciñanza se pode reunir e realizar actividades formativas, culturais e lúdicas. Acollen as Oficinas Municipais de Distritos (OMD) e os Centros Municipais de Internet. Todos os CMD contan con espazos comúns de uso público gratuito adicados á lectura, o estudo, a formación así como tamén salas de reunións para colectivos e asociacións e outras instalacións nas que a veciñanza pode reunirse, realizar actividades formativas, culturais e lúdicas. Ademais do anterior, o Centro Municipal de Distrito do Casco Vello adica unha parte a sede para diversas asociacións (REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS, LUPUS E FADEMGGA), e o Centro Municipal de Distrito de Teis dispón de auditorio e pavillón de deportes.

As necesidades a satisfacer pola administración coa presente contratación consisten en garantir a continuidade da prestación de servizos e actividades que se desenvolven nas Oficinas Municipais de Distritos (OMD) e os Centros Municipais de Internet e demais espazos de uso público gratuito ubicados nos Centros Municipais de Distrito, como lugares de encontro e referencia da cidadanía, ca finalidade de fomentar a participación activa da veciñanza.

As Oficinas Municipais de Distritos organizan e dinamizan a actividade nos CMD, e prestan un servizo de atención cidadá que constitúe un novo marco de relacións entre a administración municipal e a cidadanía, facéndoa máis próxima, comprensible e accesible, mellorando a atención, o acceso a todo tipo de información e aos servizos da Administración Municipal.

Entre as funcións do persoal xestor que atende cada CMD destaca, a función de atención ao público en xeral e a entidades sen ánimo de lucro en particular, que de forma presencial, telefónica e telemática desenvolven as Oficinas municipais de Distrito ubicadas en cada centro, informando sobre actividades, cursos e programas do concello e doutras OMD e demais información que resulte de interese para a cidadanía.

Os CMD acollen na actualidade distintos programas ao longo do ano dirixidos a todas as franxas de idade promovidos polos departamentos municipais de Benestar Social, Voluntariado, Xuventude e Igualdade, ofrecendo un verdadeiro impulso a actividade cotiá dos barrios, revitalizando a zona nun achegamento da Administración municipal á cidadanía, evitando desprazamentos innecesarios ata as dependencias municipais da casa consistorial (o que redundaría nunha maior desconxestión da lonxa do concello), permitindo a xestión de solicitudes, queixas e suxestións e constituíndo unha verdadeira conexión entre os departamentos municipais e os colectivos sociais.

As OMD traballan a diario en colaboración co servizo 010 e co Rexistro Xeral do Concello para coordinar campañas informativas de interese para a cidadanía, así

coma cos servizos municipais que desenvolven os seus programas nos distintos CMD. O que implica a necesidade dunha boa coordinación na execución da organización integral dos traballadores adscritos a cada OMD, en canto ao control das prestacións de atención cidadá que se desenvolven nas oficinas municipais de distrito, que esixen dunha constante supervisión da correcta información (veraz e actualizada) que se transmita en todas as OMD de acordo ás directrices do concello, e especialmente da información que se transmitan entre elas.

A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo aos usuarias/os dos servizos municipais que se prestan nestas instalacións (coma os do programa de avellentamento activo promovido polo servizo de Benestar Social) así coma das demais actividades e eventos autorizados a outras entidades sen ánimo de lucro e cidadanía, tanto nos CMD, coma no auditorio e na pista deportiva de Teis.”.

En consecuencia, está xustificada a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato. Do contrario, o Concello de Vigo non podería garantir o dereito da veciñanza a utilizar os servizos públicos municipais previsto no artigo 18.1.c) da LRBRL, e a facilitándolles información sobre a actividade municipal a tenor do disposto no artigo 69 LRBRL.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como se expuxo no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que produzan atrasos e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que implicaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do novo contrato, período que é incerto e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo; se ben condicionada polas seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Ante a inminente finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que neste caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.

Compre dicir ó respecto que o novo contrato figuraba planificado no plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023. A tramitación do expediente de contratación iniciouse o 9 de abril de 2024, por orde do concelleiro de Participación Cidadá e Distritos e do concelleiro de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais (expediente 3891-321), e foi aprobado o día 21 de xuño de 2024. No entanto a súa tramitación demorouse por canto, foi interposto un recurso especial en materia de contratación contra os pregos que rexen esta licitación, que foi estimado polo TACGAL. Esta circunstancia obrigou á modificación dos pregos e a aprobación de novo do expediente de licitación.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.

Con relación ao segundo requisito, a existencia de motivos de interese público que esixan a continuidade do servizo, débese a que tratase é necesario para a prestación doutros servizos de carácter esencial e de prestación obrigatoria que se realizan nos centros de distrito. Tal e como informa a técnica do servizo xestor, esta Administración ten a obriga de impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación ca veciñanza, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás; debendo facilitar a máis ampla información ás asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais e sectoriais da veciñanza - segundo o mandato contido no art. 72 LRBRL - e, dentro das súas posibilidades, favorecer o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades. Os centros de distrito son instalacións municipais nos que a veciñanza se pode reunir e realizar actividades formativas, culturais e lúdicas. Acollen as Oficinas Municipais de Distritos (OMD) e os Centros Municipais de Internet. Todos os CMD contan con espazos comúns de uso público gratuito adicados á lectura, o estudo, a

formación así como tamén salas de reunións para colectivos e asociacións e outras instalacións nas que a veciñanza pode reunirse, realizar actividades formativas, culturais e lúdicas. Ademais do anterior, o Centro Municipal de Distrito do Casco Vello adica unha parte a sede para diversas asociacións (REDE DE MULLERES CONTRA OS MALOS TRATOS, LUPUS E FADEMGA), e o Centro Municipal de Distrito de Teis dispón de auditorio e pavillón de deportes..

Este contrato, pois, responde á obriga do Concello de garantir aos usuarios, determinados servizos de carácter obrigatorio. A paralización da prestación ocasionaría un incumprimento desta obriga.

3. O procedemento de licitación foi aprobado inicialmente pola XGL en data 21 de xuño de 2024. O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 25 de xuño de 2024 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, polo que se cumpre o requisito de publicación tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

En consecuencia, no caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo de vixilancia da saúde e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada á marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas do contrato continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. O informe do servizo xestor estima como período máximo de continuidade do servizo o de 3 meses.

Para facer fronte aos gastos derivados da continuidade do servizo informa o servizo xestor que *“O gasto da continuidade do contrato polos meses de outubro e novembro supón un importe de 35.331,88 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 AT. O PÚBLICO OFICINAS DESCENTRALIZADAS.”*

Así mesmo, consta no expediente a conformidade de “UTE INTEGRA MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRA MGSÍ CEE, S.L.”, en escrito de data 6 de setembro de 2024, para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o inicio do novo contrato.

-VI-

Competencia



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, se propón á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- A continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 ñá UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.

2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de outubro ao 30 de novembro de 2024 polo importe máximo de 35.331,88 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(761).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA OS PREGOS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8173/252.

Sométese a aprobación a proposta de data 24/09/2024, asinada pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 137/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 129/2024, interposto pola Confederación Intersindical Galega contra os pregos da contratación para a prestación do “Servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo”, expediente 8173- 252. Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto pola Confederación Intersindical Galega contra os pregos da contratación para a prestación do “Servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo”, expediente 8173 - 252 dese Concello.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(762).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONSELLO SUPERIOR DE DEPORTES PARA O DESENVOLVEMENTO DO #BEACTIVE DAY AND NIGHT NO MARCO DA SEMANA EUROPEA DO DEPORTE. EXPTE. 24041/333.

Visto o informe xurídico de data 23/09/2024 e o informe de fiscalización de data 24/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1. Con data 05.07.24, o Consello Superior de deportes, por medio do Subdirector Adxunto-Relaciones internacionais, presentou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, unha proposta de Convenio de colaboración entre o Consello Superior de Deportes (organismo autónomo do Estado) e o Concello de Vigo, para a celebración na cidade de Vigo do Evento #BEACTIVE DAY AND NIGHT, integrado na Semana Europea do Deporte.

2. Con datas 16.07.24 o Consello Superior de deportes, presenta no Concello de Vigo a memoria xustificativa e descritiva do interese deportivo deste evento, e na que se xustifica a proposta da cidade de Vigo como lugar de interese no que celebrar o evento central da SED24 con data 28 de setembro de 2024, na que se indica que o evento consiste no seguinte:

“...en sacar el deporte a la calle para ponerlo a disposición de los vecinos, instalando para ello un gran escenario y una serie de instalaciones deportivas alrededor de su aforo. Dado que se va a hacer un importante esfuerzo organizativo y de instalación de canchas deportivas, escenario y equipos de sonido, entendemos que deberían organizarse actividades desde la mañana, dando más oportunidades de acercarse a la práctica deportiva a más vecinos.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

Para su desarrollo, además del CSD y de la Concejalía de Deportes de Vigo, contaremos con la colaboración de la Fundación España Activa o la Federación Española de Baile Deportivo.”

Na mesma data presenta documento acreditativo da representación da persoa que actúa a nome do CSD, e documento-proposta do texto relativo ao convenio de colaboración proposto polo CSD.

3. Con data 17 de setembro de 2024, o Concelleiro delegado de Deportes asinou a orde de inicio do presente expediente.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

1. FUNDAMENTOS TÉCNICOS

Xustificación do interese deportivo deste convenio para a cidade de Vigo

A Semana Europea do deporte é unha iniciativa da Comisión Europea, dinamizada ao obxecto fundamental de combater o sedentarismo, promover a participación e a sensibilización dos europeos para a mellora da súa saúde e benestar a través da actividade física e a práctica deportiva.

As actividades da Semana europea do deporte (En adiante SED) son coordinadas a nivel europeo pola Comisión Europea, aínda que a organización debe incluír programas a nivel comunitario, nacional, rexional e local.

A nivel nacional, a coordinación das actividades que conforman a SED corresponde ó Consello Superior de Deportes (CSD), organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Cultura e deporte, encargado da realización das políticas da Administración do Estado no ámbito do deporte.

No ámbito estatal, o CSD lidera e promove a realización en España de accións de participación na SED, en colaboración con outras administracións e entidades privadas.

A SED é un proxecto centrado na dinamización de actuacións, actividades, promocións e colaboracións no ámbito deportivo en todo o territorio europeo, e se celebra entre o 23 e o 28 de setembro, días nos que os diferentes países, cidades e organismos oficiais, dinamizan distintas iniciativas deportivas, todas elas orientadas a un único obxectivo común, combater a vida sedentaria e fomentar a actividade deportiva saudable.

No caso de España, o CSD, en colaboración coas distintas administracións, tecido asociativo e empresarial, federacións deportivas, medios de comunicación, etc, dinamiza distintos proxectos deportivos de fomento da actividade física e deportiva saudable, co obxecto fundamental de combater o sedentarismo, fomentar a práctica deportiva saudable.

Entre o 23 e o 28 de setembro de 2024, o CSD porá en marcha a SED en diferentes cidades españolas, coa promoción e dinamización de actividades e programas de actividades, cuxo acto central se celebrará o 28 de setembro en Vigo.

Neste 2024, o CSD elixiu a cidade de Vigo para dinamizar o acto central da SED, a #BEACTIVE DAY AND NIGHT, que se celebrará na cidade o 28 de setembro. Este día, o Concello de Vigo, en coordinación co CSD, organizará xunto a este unha serie de actividades ó longo do día que inclúen unha carreira popular, a dinamización de diversas masterclass na vía pública e diferentes actividades de promoción que inclúen zonas de práctica abertas a todos os públicos nas que calquera cidadán pode practicar modalidades como o patinaxe, o tenis de mesa, picketball ou xadrez, entre outras modalidades.

Paralelamente, e durante a SED, entre o 23 e o 28 de setembro, o Concello de Vigo dinamizará iniciativas como xornadas de portas abertas das instalacións deportivas municipais, ademais de calquera promoción e actuacións de difusión das actividades.

A Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia establece entre os seus principios reitores a consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das especiais funcións que, para o individuo e a sociedade posúe e a optimización e complementariedade dos recursos públicos existentes e a necesaria concorrencia da participación privada.

Tamén establece no seu artigo 8 que os municipios terán entre as súas competencias a de fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar, organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local e calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento local.

O Concello de Vigo e o CSD comparten, entre outros, o obxectivo de promover a práctica da actividade deportiva, difundindo os seus valores inherentes e apoiando a implementación do deporte e a actividade física con áreas de inclusión social, igualdade de oportunidades e igualdade de xénero.

A este fin, é de interese para o Concello de Vigo, sumar o seu interese e esforzo no enriquecemento o conxunto de actividades que se desenvolverán no ámbito da SED, que na súa décima edición terá lugar entre o 23 e o 30 de setembro de 2024.

A participación neste proxecto, supón para Vigo unha oportunidade de colaboración co CSD na celebración na cidade dun evento que debe converter a Vigo nun polo de promoción, fomento e difusión da cultura deportiva.

O evento, denominado pola Comisión Europea como #BEACTIVE DAY AND NIGHT, integrado na Semana Europea do Deporte, celebrarase o día 28 de setembro, sacando o deporte á rúa para facer visible a iniciativa e poñelo a disposición da cidadanía en xeral.

A Concellería de deportes considera de interese para a cidade a participación da cidade de Vigo no proxecto #BEACTIVE DAY AND NIGHT xa que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

- Fomenta a práctica regular de exercicio físico, o cal é esencial para combater problemas de saúde pública como o sedentarismo, a obesidade e as enfermidades cardiovasculares.
- Incentiva aos cidadáns a adoptar hábitos máis saudables, o que ten un impacto positivo no seu benestar físico e mental.
- Ofrece unha excelente oportunidade para que Vigo promova a imaxe da cidade de Vigo como cidade do deporte.
- Durante esta semana, os clubs deportivos locais de Vigo terán a oportunidade de darse a coñecer. Isto é especialmente valioso para clubs máis pequenos ou menos coñecidos, que poden ver incrementada a súa visibilidade.
- A Semana Europea do Deporte promove a inclusión e a igualdade de xénero na práctica deportiva, incentivando a participación das mulleres en todos os niveis, reducindo as barreiras que poden existir para que mulleres e nenas participen en actividades deportivas, promovendo unha maior equidade e diversidade no deporte local.

2. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, establece no seu artigo 13 que o CSD, organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Cultura e Deporte, é un organismo autónomo adscrito ao Ministerio de Cultura e Deporte de España, encargado da promoción, coordinación e desenvolvemento da actividade deportiva en todo o país.

O CSD é un **organismo autónomo de dereito público**, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con autonomía para xestionar os seus propios recursos, realizar as súas funcións e tomar decisións dentro do marco da lexislación deportiva española.

A Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, establece no seu artigo 13 que o CSD asumirá a xestión directa da Política Estatal, tendo entre as súas competencias (Art. 14) impulsar políticas públicas de fomento da práctica deportiva en persoas maiores e menores de idade, en colaboración co resto de administracións públicas, Federacións deportivas e movemento asociativo das persoas con discapacidade, mantendo unha visión transversal das necesidades destas persoas en todos os ámbitos do deporte, establecer, en coordinación do resto de Administracións, programas específicos para o fomento, en condicións de igualdade de trato e non discriminación, da actividade física e o deporte ou instaurar un marco de relacións interadministrativas sobre a base da cooperación e a colaboración entre as administracións.

Así, está lexitimado para proceder á subscripción do convenio, ao abeiro do establecido no artigo 116 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.

I.- Obxecto do convenio e alcance da actuación

O Convenio ten por obxecto establecer, os termos da colaboración entre o Concello de Vigo e o Consello Superior de Deportes para o desenvolvemento da celebración do evento

central da Semana Europea do Deporte 2024 que se celebrará na cidade de Vigo o 28 de setembro de 2024, denominado “Beactive Day and Night”.

Os obxectivos consistirán na promoción da participación e a sensibilización sobre a importancia do deporte e a actividade física, integradas dentro dunha estratexia global de mellora dos niveis de práctica deportiva da poboación, especialmente entre sectores de poboación prioritarios, como a poboación infantil ou a terceira idade.

II.- Compromisos de colaboración entre as partes:

O Convenio regula as pautas de colaboración do Consello Superior de deportes como institución pública co Concello de Vigo para o desenvolvemento do proxecto “Beactive Day and Night”, no marco da Semana Europea do Deporte.

De forma específica as obrigacións das partes indícanse na cláusula cuarta do convenio co seguinte alcance:

1. Parte das actividades e eventos lúdico-deportivos que integrarán a xornada será coordinada polo Concello de Vigo a través da Concellería de deportes, e outra parte o será polo CSD tal e como se establece na seguinte programación:

Actividade	Emprazamento	Responsable Financiación*	Responsable coordinación
Escenario principal con pantalla de leds xigante para Master class	Vía Pública	CSD	CTM
Imaxen/vídeo en pantalla durante a actividade	Pantalla del escenario	CSD/FED/FEA/FEB D	CTM
Baile Deportivo / Bailes latinos	Escenario	CSD	CTM
Yoga, body combat, y Baile deportivo, zumba, tai chi, pilates...	Escenario	CSD	CTM
Carrera Popular 5k/ 10K	Próximo al escenario	*CSD-FED	
Zona de 20m x 12m para la colocación de mesas de Tenis de mesa	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Canchas de Bádminton	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Rocódromo	Perímetro de pista	*CSD-FED o CSD	Concello de Vigo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

Pista de Esgrima	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Pista de Rugby	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Pista de Pickelball	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Speaker-director do evento	Escenario	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Carpa de 3x3 reparto de material promocional	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Hidratación	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Instalación de sanitarios	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Servizo de atención médica - ambulancia	Perímetro de pista	Concello de Vigo	CSD
Valado perimetral se fora necesario	Perímetro de pista	Concello de Vigo	CDV
Plan de evacuación		CSD	CSD

A programación poderá sufrir modificacións puntuais.

O Concello de Vigo facilitará gratuitamente todos os permisos e autorizacións que se deriven das actividades previstas e das instalacións necesarias para o desenvolvemento da xornada.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Sábado 28 setembro 2024

#BEACTIVE DAY AND NIGHT

	ACTIVIDADE	HORARIO		
ACTIVIDADES MAÑÁ ESCENA- RIO	Carrera popular	10.30h – 11:45h	Clases de 45'	
	Fitness Full Style	11.45h - 12.30h		

	Zumba	12.35h - 13.20h	
	Palabras autoridades	13.25h- 14h	
ACTIVIDADES TARDE ESCENARIO	DESCANSO DE ACTIVIDADE EN ESCENARIO		Clases de 50' con descansos de 10mins
	Corpo e mente	17h - 17.50h	
	Baile deportivo I	18h - 18.50h	
	Body Combat	19h - 19.50h	
	Baile Deportivo II	20h - 20.50h	
	Baile Caribeño	21h - 21.50h	

	ACTIVIDADE	HORARIO
CARREIRA	Carreira popular	10.30h - 12h
ACTIVIDADES MULTIDEPORTE MAÑÁ	Tenis de mesa Freestyle patinaxe Esgrima Rocódromo Axedrez Hip hop Picket ball Badminton	11h - 14h
ACTIVIDADES MULTIDEPORTE TARDE	Tenis de mesa Freestyle patinaxe Esgrima Rocódromo Axedrez Hip hop Picket ball Badminton	16h - 22h

*Os horarios, emplacements e actividades poden sufrir modificacións.

2. O CSD incluíra o conxunto de actividades que formen parte da xornada na páxina web das accións españolas da SED, dando unha dimensión internacional ás accións de promoción da práctica deportiva do Concello de Vigo. A este fin, o Concello facilitará ó CSD a información correspondente.

3. Para o conxunto de actividades que formen parte da xornada, o Concello de Vigo colaborará mediante apoio loxístico necesario, coordinando a cobertura das diversas necesidades de servizos e infraestruturas municipais que, desde os puntos de vista material e formal, se requiran para o seu correcto desenvolvemento.

4. Adicionalmente, o Concello de Vigo ten previsto impulsar o conxunto de actividades no marco da SED, durante os días 23 ó 30 de setembro.

5. O Concello de Vigo colaborará na difusión da SED e dos eventos e actividades programadas a través da utilización dos circuítos de publicidade exterior da cidade, segundo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

dispoñibilidade e entendendo que a produción de anuncios e demais creatividade será asumida de forma compartida polo CSD e o Concello de Vigo.

6. Se informará a través da páxina Web municipal, RRSS, newsletter e o teléfono 010 de información ó cidadán e se emitirán notas de prensa, colaborando nas presentacións e demais actuacións cos medios de comunicación, distribuíndo entre os centros deportivos municipais o material de difusión que produza o CSD.

7. Na publicidade que calquera das partes asinantes realice das actuacións derivadas do convenio (publicacións, carteis, etc), farase constar expresamente que estas se levan a cabo en virtude do mesmo, coordinándose co servizo que corresponda do Concello de Vigo as demais accións de información que se acorden polas partes.

8. Asimesmo, no marco da colaboración, e dando o impacto que para a imaxe da cidade supón a celebración dun evento desta magnitude, o CSD facilitará ó Concello de Vigo a súa aparición nos diferentes soportes que se estruturen ao redor do mesmo.

III.- Financiamento dos traballos obxecto do convenio

Como consecuencia del cumplimiento y desarrollo de los compromisos adquiridos en el convenio, no se generarán contraprestaciones económicas entre las partes.

No obstante, el CSD asumirá una inversión máxima de 172.000,00 euros, para la celebración y promoción de todos los actos de la SED24 en España, que se imputarán a la aplicación presupuestaria 18106.336A.226.09, asumiendo os gastos vinculados con los compromisos detallados en la cláusula Cuatro del convenio.

De la misma forma, el Ayuntamiento de Vigo asumirá los gastos vinculados a los compromisos detallados en la cláusula cuatro del convenio, gasto que se imputará a la aplicación presupuestaria 3410.2260901 "ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES DEPORTIVAS" por un importe máximo de 15.000,00 euros más IVA.

IV.- Documentación presentada

Consta no expediente os documentos necesarios para a súa tramitación:

- Memoria xustificativa da proposta do evento presentada polo CSD
- BOE de 11 de xaneiro de 2023 polo que se nomea Director Xeral de deportes a Fernando Moliner Revert (acreditación da representación)
- Proposta de protocolo de actividade-convenio remitido polo CSD.
- Orde de inicio para a aprobación do expediente.
- Memoria do proxecto.
- Memoria xustificativa de interese no proxecto presentado polo Concello de Vigo.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, esta proposta deberá ser sometida ao correspondente informe xurídico e da Intervención Xeral deste Concello.

De conformidade co apartado 1.7 do Decreto de delegacións do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20.06.23, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio.

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o **CONVENIO ENTRE O CONSELLO SUPERIOR DE DEPORTES E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO #BEACTIVE DAY AND NIGHT NO MARCO DA SEMANA EUROPEA DO DEPORTE** transcrito no Anexo I.

Segundo.- Dar traslado ao CONSELLO SUPERIOR DE DEPORTES do acordo de aprobación do convenio para a súa sinatura.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal aos efectos de publicidade.

Cuarto.- Este acordo esgota a vía administrativa e contra o mesmo poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO 1 (TEXTO CONVENIO EN GALEGO)

REUNIDOS



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

Dunha parte, Don Abel Caballero Álvarez, alcalde da cidade de Vigo.

Doutra, Don Fernando Molinero Revert, en nome e representación do Consello Superior de Deportes, en virtude de nomeamento efectuado por Real Decreto 8/2023, do 10 de xaneiro, polo que se lle nomea Director Xeneral de Deportes.

En virtude das competencias que respectivamente lles confiren os seus cargos, recoñecéndose ambas partes capacidade e poder suficiente para contratar e obrigarse

EXPOÑEN

I. A “Semana Europea do Deporte” (en diante, SEDE) é unha iniciativa da Comisión Europea cuxo obxectivo é promover a participación e a sensibilización dos europeos para a mellora da súa saúde e o seu benestar a través da actividade física e a práctica deportiva.

As actividades da SEDE son coordinadas a nivel europeo pola Comisión Europea, aínda que a organización debe incluír programas a nivel comunitario, nacional, rexional e local.

A nivel nacional, a coordinación das actividades que conforman a SEDE corresponde ao Consello Superior de Deportes (en diante, CSD), Organismo Autónomo adscrito ao Ministerio de Educación Formación Profesional e Deportes, encargado da realización das políticas da Administración do Estado no ámbito do deporte.

II. A SEDE naceu con vocación de converterse nunha referencia temporal cada ano, celebrándose a súa primeira edición en 2015, celebrándose sen solución de continuidade ata a actualidade a pesar da pandemia de COVID de 2020.

III. O CSD, como interlocutor español #ante a Comisión Europea, do mesmo xeito que fixese nas edicións pasadas, continúa liderando e promovendo a realización en España de accións de participación na SEDE.

Así mesmo, co fin de conseguir que a promoción da actividade física e o deporte para todos chegue a todo o territorio, precisa da colaboración de entidades públicas e privadas que se impliquen nesta campaña co seu respaldo e axuda en materia de comunicación.

IV. A Lei 3/2012 do 2 de abril, do Deporte de Galicia establece, entre os seus principios reitores recolleitos no artigo 3, “a) A consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das especiais funcións que, para o individuo e a sociedade, posúe”, “j) A optimización e complementariedade dos recursos públicos existentes e a necesaria concorrencia da participación privada” e “k) A eficacia, eficiencia, descentralización, desconcentración, coordinación, colaboración e participación das entidades públicas e privadas, e a promoción da colaboración entre o sector público e o privado a fin de garantir a máis ampla e mellor oferta deportiva”.

Así mesmo, establece no seu artigo 8 que os municipios terán entre as súas competencias a de “1. Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar”. “8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local” e “9. Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos da presente lei”.

Da mesma forma, ou art. 25.2.l) dá LRBRL, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencia propia, entre outras, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

V.- O Concello de Vigo e o CSD comparten, entre outros, o obxectivo de incentivar aos cidadáns na práctica da actividade física, difundindo os seus valores inherentes e apoiando en todo caso a implementación do deporte e a actividade física con áreas de inclusión social, igualdade de oportunidades e igualdade de xénero. A este fin desexan sumar novamente esforzos en aras de enriquecer o conxunto de actividades de carácter deportivo que se desenvolverán na SEDE, que na súa décima edición terá lugar entre o 23 e o 30 de setembro de 2024.

Así, ambas as institucións desexan celebrar na cidade de Vigo, o día e comezo da noite do día 28 de setembro de 2024, unha serie de eventos lúdico-deportivos, de forma que un conxunto deles será financiado e coordinado pola Concello de Vigo e outro polo CSD, segundo explícase nas cláusulas seguintes.

VI. As partes, no exercicio das competencias que lle están legalmente atribuídas e recoñecendo plena capacidade e lexitimación na representación que respectivamente ostentan, subscriben o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- Obxecto do Convenio. O obxecto do presente Convenio é establecer o marco de colaboración entre o Concello de Vigo, a través da Concello de Vigo e o CSD para o desenvolvemento da celebración do evento central da SEDE24 que se celebrará na citada cidade o 28 de setembro 2024 (en diante denominada “Beactive Day (and Night)”) tratándose dunha das actividades que este concello poñerá en marcha para celebrar a SEDE24.

SEGUNDA- Obxectivos do Convenio. Os obxectivos perseguidos consistirán a promoción da participación e a sensibilización sobre a importancia do deporte e a actividade física, integradas dentro dunha estratexia global, pero perseguindo efectos a longo prazo como a mellora dos niveis de práctica de toda a poboación, especialmente entre sectores de poboación prioritarios, como é o da poboación infantil ou persoas de idade avanzada.

TERCEIRA.- Desenvolvemento de actividades.

I A BEACTIVE day and NIGHT terá lugar aproximadamente desde as 12:00 h do 28 de setembro ata as 22:30 h do 28 de setembro en Pórtaa do Sol da cidade de Vigo, de fácil acceso a pé polos seus veciños e adecuada para esta actividade, e consistirá en accións públicas que se erixirán como referencia da animación, a promoción e as prácticas deportivas. Será de acceso libre e terá sempre carácter gratuíto para os participantes, orientado ao público en xeral e caracterizándose as actividades en particular por:

- Estar dirixidas ao deporte de base de forma prioritaria.
- Incentivar aos cidadáns a práctica de actividades físicas e de deporte de todo tipo e a abandonar prácticas sedentarias.
- Facer especial incidencia en actividades que promovan a mellora da saúde da poboación, salientando os seus efectos preventivos sobre numerosos problemas de saúde.
- Estar dirixidas a todas as idades: infantís, para mozos, adultos e persoas maiores.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

- Promover a igualdade de xénero na práctica deportiva.
- Promover os hábitos de consumo saudables.
- Potenciar actividades dirixidas á inclusión de persoas con discapacidade e o deporte como ferramentas de inclusión social.
- Tendentes a loitar contra a violencia, a intolerancia, a xenofobia, o racismo e a secuela da dopaxe.

CUARTA-Compromisos e obrigacións de cada unha das partes.

1.- O Concello de Vigo:

- Tramitará administrativamente os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento do programa de actividades, tanto en vía pública como, se fose necesario por causas meteorolóxicas ou calquera outra, en instalacións municipais.
- Facilitará ao CSD a información sobre calquera actuación vinculada coa SEDE.
- Responsabilizarase da coordinación e execución da montaxe e desmonte das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento da #BE ACTIVE DAY AND NIGHT, e asumirá os custos necesarios en relación ao valado perimetral das zonas de práctica, contratación do speaker, Carpas de repartición de material e hidratación e a coordinación xeral, xestión de inscricións e seguro de accidentes da carreira popular integrada no evento.
- Impulsará actividades de promoción no marco da SEDE, durante os días 23 ao 30 de setembro .
- Colaborará na difusión da SEDE e dos eventos e actividades programadas, utilizando os medios ao seu alcance, coordinando o contido visual da SEDE co CSD.
- Informará á cidadanía e colaborará nas presentacións e demais actuacións cos medios de comunicación e distribuirá por instalacións municipais o material de difusión que produza o CSD.
- Fará constar expresamente en calquera das actuacións realizadas derivadas do Convenio (publicacións, carteis, ...) que estas levan a cabo en virtude do mesmo, coordinándose co servizo que corresponda do Concello de Vigo das demais accións de información que acorden as partes.
- Dinamizará a actividade deportiva das zonas de promoción deportiva excluídas as desenvolvidas no escenario.
- Dinamizará unha carreira popular.

2.- O Consello Superior de Deportes:

- Incluirá o conxunto de actividades que formen parte da xornada na páxina web das accións españolas da SEDE, dando unha dimensión internacional ás accións de promoción da práctica deportiva no Concello de Vigo.
- Facilitará ao Concello de Vigo a súa aparición nos diferentes soportes que se estructuren ao redor do mesmo, no marco da colaboración, e dado o impacto que para a imaxe da cidade supón a celebración dun evento desta magnitude.
- Realizará a montaxe do escenario principal do evento con pantalla LEDS xigante para master Class.
- Desenvolverá a imaxe/vídeo en pantalla durante a actividade.

- Dinamizará e coordinará as actividades deportivas do escenario (Ioga, Zoa, Tai Chi...)
- Instalará un rocódromo e coordinará a actividade durante a xornada.
- Achegará o plan de evacuación e emerxencia necesario para o desenvolvemento de todo evento
- Contratará o servizo médico para toda a xornada e a/as ambulancias que o plan determine.

Actividade	Emprazamento	Responsable Financiamento*	Responsable coordinación
Escenario principal con pantalla de leds xigante para Master class	Vía Pública	CSD	CTM
Imaxe/vídeo en pantalla durante la actividade	Pantalla del escenario	CSD/FED/FEA/FEBD	CTM
Baile Deportivo / Bailes latinos	Escenario	CSD	CTM
Yoga, body combat, y Baile deportivo, zumba, tai chi, pilates...	Escenario	CSD	CTM
Carrera Popular 5k/ 10K	Próximo al escenario	*CSD-FED	
Zona de 20m x 12m para la colocación de mesas de Tenis de mesa	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Canchas de Bádminton	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Rocódromo	Perímetro de pista	*CSD-FED o CSD	Concello de Vigo
Pista de Esgrima	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Pista de Rugby	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Pista de Pickelball	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Speaker-director do evento	Escenario	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Carpa de 3x3 reparto de material promocional	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Hidratación	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Instalación de sanitarios	Perímetro de pista	CSD	Concello de Vigo
Servizo de atención médica - ambulancia	Perímetro de pista	CSD	CSD
Valado perimetral se fora necesario	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Plan de evacuación		CSD	CSD

CSD= Consejo Superior de Deportes FED= Federación Española Deportiva CTM= Comisión Técnica Mixta.

A programación poderá sufrir modificacións puntuais.

QUINTO- Financiamento do Convenio. Como consecuencia do cumprimento e desenvolvemento dos compromisos adquiridos no convenio, non se xerarán contraprestacións económicas entre as partes.

Con todo, o CSD asumirá un investimento máximo de 172.000,00 euros, para a celebración e promoción de todos os actos da SEDE24 en España, que se imputarán á aplicación orzamentaria 18106.336A.226.09, asumindo os gastos vinculados cos compromisos detallados na cláusula Catro do convenio.

Da mesma forma, o Concello de Vigo asumirá os gastos vinculados aos compromisos detallados na cláusula catro do convenio, gasto que se imputará á aplicación orzamentaria



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

3410.2260901 "ORGANIZACIÓN ACTIVIDADES DEPORTIVAS" por un importe máximo de 15.000,00 euros máis IVE.

SEXTA- Comisión Técnica Mixta de coordinación e seguimento. Crearase unha Comisión Técnica Mixta (de agora en diante, CTM), coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvolvidas ao amparo do presente Convenio, que estará constituída por:

- Un representante máis un suplente designado polo Concello de Vigo.
 - Representante: Xefe do servizo de deportes-director deportivo
 - Suplente: Adxunto ao xefe do servizo de deportes-director técnico
- Un representante máis un suplente designado polo CSD.

A presidencia da Comisión exercerase de forma rotatoria e por períodos similares ao longo do prazo de vixencia do Convenio, comezando a mesma o representante da Concello de Vigo.

A CTM reunirse sempre que sexa necesario para o seguimento do Convenio, e será a encargada de resolver cantas cuestións poidan exporse durante a vixencia do mesmo, derivadas de posibles discrepancias en canto á súa execución ou interpretación dos acordos. Así mesmo, poderán asistir cantas persoas considérense necesarias en función do asunto para tratar en cada sesión.

O réxime de funcionamento da CTM será o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA- Modificación do Convenio. O Convenio poderá ser obxecto de modificación ao longo da súa vixencia, de mutuo acordo entre pártelas subscritoras, en caso de variacións no calendario, horarios ou número de sesións, que poidan supoñer un cambio nas condicións do mesmo, previa a tramitación preceptiva correspondente e informe favorable dos órganos municipais competentes. A modificación incorporarase como parte inseparable do texto do Convenio.

OITAVA- Extinción e resolución do convenio. Ademais de por o incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto, será causa de extinción do mesmo incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- Non celebración do evento por calquera causa.
- Incumprimento dos compromisos establecidos no apartado 4 do convenio.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do protocolo existisen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da CTM poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, de acordo con o establecido enel art. 49 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público .

NOVENA- Consecuencias en caso de Incumplimento das obrigacións. No caso de que unha das partes considere que se produciu un incumplimento das obrigacións respectivas establecidas na cláusula cuarta, esta requirirá o seu cumprimento dentro de quince días desde a recepción do devandito requirimento. Aos anteriores efectos, entenderase que a parte requirida cumpre coas súas obrigacións sempre que se facilite por esta unha alternativa que permita desenvolver as actividades contempladas na cláusula terceira. Se transcorrido devandito prazo persistise inxustificadamente o incumplimento, a parte requirente notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

DÉCIMA- Vixencia do convenio. De conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o presente convenio perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes e resultarán eficaces unha vez rexistrados, no prazo de 5 días hábiles desde a súa formalización, no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, ao que se refire a disposición adicional sétima. Así mesmo, serán publicados no prazo de 10 días hábiles desde a súa formalización no «Boletín Oficial do Estado», sen prexuízo da súa publicación facultativa no boletín oficial da comunidade autónoma ou da provincia que corresponda á outra administración asinante.

O presente convenio estará vixente desde o día 23 ata o día 28 de setembro de 2024, data na que concluirían as diferentes actividades derivadas da celebración do evento.

UNDÉCIMA- Natureza do convenio. O presente Convenio ten natureza administrativa, sendo o réxime xurídico aplicable ao mesmo o establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, do 01 de outubro, estando excluído da aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a teor do disposto no seu artigo 6.1. En efecto, cúmprense as condicións establecidas no citado artigo, debido a que, tanto o CSD como a Concello de Vigo, non teñen vocación de mercado, o Convenio busca garantir un mellor logro dos obxectivos comúns e a cooperación entre estas entidades se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Con todo, serán aplicables ao Convenio os principios desta última Lei na resolución de dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

DUODÉCIMA- Xurisdición competente.

As partes acordan someterse aos órganos Competentes segundo a Lei 29/1998 para a resolución de calquera litixio que na interpretación ou cumprimento das respectivas obrigacións contidas nas cláusulas do presente Convenio puidese orixinarse entre elas.

DÉCIMOTERCERA- Transparencia. Este Convenio sométese ao disposto no artigo 8.1 b) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

E en proba de conformidade co manifestado, asinan o presente Convenio no lugar e data arriba indicados.

O alcalde de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

ANEXO I. PROGRAMA PROVISIONAL DO CONXUNTO DE EVENTOS LÚDICO-DEPORTIVOS A REALIZAR EL 28 DE SETEMBRO DE 2024 E REPARTO DE RESPONSABILIDADES NO CONTEXTO DA SEMANA EUROPEA DO DEPORTE

Actividade	Emprazamento	Responsable Financiamento*	Responsable coordinación
Escenario principal con pantalla de leds xigante para Master class	Vía Pública	CSD	CTM
Imaxen/vídeo en pantalla durante a actividade	Pantalla del escenario	CSD/FED/FEA/FEBD	CTM
Baile Deportivo / Bailes latinos	Escenario	CSD	CTM
Yoga, body combat, y Baile deportivo, zumba, tai chi, pilates...	Escenario	CSD	CTM
Carreira Popular 5k/ 10K	Próximo al escenario	*CSD-FED	
Zona de 20m x 12m para a colocación de mesas de Tenis de mesa	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Canchas de Bádminton	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Rocódromo	Perímetro de pista	*CSD-FED o CSD	Concello de Vigo
Pista de Esgrima	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Pista de Rugby	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Pista de Pickelball	Perímetro de pista	*CSD-FED	Concello de Vigo
Speaker-director del evento	Escenario	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Carpa de 3x3 reparto de material promocional	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Hidratación	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Instalación de sanitarios	Perímetro de pista	CSD	Concello de Vigo
Servizo de atención médica - ambulancia	Perímetro de pista	CSD	CSD
Valado perimetral se fora necesario	Perímetro de pista	Concello de Vigo	Concello de Vigo
Plan de evacuación		CSD	CSD

*El CSD comprométese a dar apoio para a instalación deportiva que será proporcionada pola respectiva federación.

**Decidirase no seu momento qué monitores participarán pola mañá o pola tarde para cerrar o programa definitivo.

CSD: Consejo Superior de Deportes **Concello de Vigo:** Concellería de Deportes do Concello de Vigo. **CTM:** Comisión Técnica Mixta. **FED:** Federación deportiva territorial

FEBD: Federación Española de Baile Deportivo. **FEA:** Fundación España Activa

#BEACTIVE DAY AND NIGHT

	ACTIVIDAD	HORARIO	
ACTIVIDADES MAÑÁ ESCENARIO	Carreira popular	10.30h - 11:45h	Clases de 45'
	Fitness Full Style	11.45h - 12.30h	
	Zumba	12.35h - 13.20h	
	Palabras autoridades	13.25h- 14h	
ACTIVIDADES TARDE ESCENARIO	DESCANSO DE ACTIVIDAD EN ESCENARIO		Clases de 50' con descansos de 10mins
	Corpo e mente	17h - 17.50h	
	Baile deportivo I	18h - 18.50h	
	Body Combat	19h - 19.50h	
	Baile Deportivo II	20h - 20.50h	
	Baile Caribeño	21h - 21.50h	

	ACTIVIDAD	HORARIO
CARRERA	Carrera popular	10.30h - 12h
ACTIVIDADES MULTIDEPORTE MAÑÁ	Tenis de mesa Freestyle patinaxe Esgrima Rocódromo Axedrez Hip hop Picket ball Badminton	11h - 14h
	Tenis de mesa Freestyle patinaxe Esgrima Rocódromo Axedrez Hip hop Picket ball Badminton	16h - 22h

*Os horarios, emprazamentos e actividades poden sufrir modificacións.

ANEXO II. APOIO DO CONCELLO DE VIGO AO PLAN DE COMUNICACIÓN.

- Presencia semanal en medios de comunicación de carácter local: prensa escrita, televisión, medios dixitais y radios.
- Páxina web
- Redes sociais: Facebook, Twitter, Instagram e Youtube.
- Revista Dixital.
- Canal TV online.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

ANEXO III. ACTIVIDADES ADICIONAIS IMPULSADAS POLO CONCELLO DE VIGO NO ÁMBITO DA SED24, DO 23 AO 30 DE SETEMBRO DE 2024.

Sábado 28 de setembro	Carreira popular
L-23 a L-30 de setembro	Dinamizaránse en distintas zonas da cidade diferentes actividades de promoción deportiva: Portas abertas, actos deportistas olímpicos, deporte na rúa...
Xoves 26 de Setembro	Acto de entrega de recoñecemento ao mérito deportivo de deportistas locais de proxección internacional.

*Os horarios, emprazamentos e actividades poden sufrir modificacións.

6(763).- CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2024. EXPTE. 20831/77.

Visto o informe de fiscalización de data 24/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18709/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2024*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas pon en marcha o presente programa de activación do emprego, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Este programa de emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses da convocatoria anual, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo neste programa estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. Con este programa, perséguese ampliar a oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica á formación, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, a especialización e a mellora da profesionalidade dos participantes.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 20728/77 consta remitido en data 15/03/2024 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral “Vigo Emprega 2024” do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 22/04/2024 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego Programa “Vigo Emprega 2024” do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autonómica e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

III. RELACIÓN DE OBRAS A DESENVOLVER POLO PERSOAL BENEFICIARIO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2024:

Tal e como consta en ANTECEDENTES coa implantación deste novo plan promóvese a realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) en ocupacións directamente



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio, que se propoñen para aprobación da Xunta de Goberno Local.

As actuacións a desenvolver por este programa de activación do emprego no marco do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, VIGO EMPREGA 2024, atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, que se encadrarían dentro dos obxectivos do programa tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público -, que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 20863-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, e que se relacionan a continuación:

a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:

A Concellería de Educación ten remitido necesidades de reformas para a mellora do estado dos colexios públicos que se indican a continuación:

- ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO: instalación de tarima flotante en 2 aulas. .
- EEI VILLA LAURA: Reforma dos baños, no primeiro andar do aulario.
- CEIP CABRAL SANTA MARIÑA: Reforma dos baños no baixo do edificio.

b) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:

A concellería de Medio Ambiente ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público que constitúen uns dos espazos naturais de esparcemento, práctica deportiva e hábitos de vida saudable cun amplo uso por parte da poboación que habita no centro urbano. O entorno do río Lagares e resto de zonas verdes naturais forman parte do pulmón verde da cidade e son zonas de interese natural con baixa intervención humana, polo que responden a un proceso de conservación e protección natural:

- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS DE CONTROL DE PLANTAS ALÓCTONAS na duna.
- PROGRAMA DE ACTUACIÓNS PECHES DUNARES.
- CONTROL DE ESCORRENTÍAS DA AUGA DAS CHUVIAS na senda azul.
- RECUPERACIÓN SENDAS VERDES, RÍOS E HUMEDAIS.
- CONSTRUCCIÓN INTERIOR DO BAÑO no cemiterio de Lavadores.
- REFORMA DO ANTIGO TALLER DE CARPINTERÍA nun centro de veterinaria nas instalacións de Vigo Nature.

c) CONCELLERÍA DE FOMENTO:

A concellería de Fomento ten remitido necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do termo municipal, así coma reformas para a mellora do estado das instalacións dentro do parque central de servizos do concello de Vigo .

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS No termo municipal de Vigo, rúas: Pontevedra, Párroco José Otero, Pino, Gran Vía, Ramón María del Valle Inclán, Marques de Alcedo, Canovas del Castillo, Pracer, Montecelo Baixo, Portela, Couto de San Honorato, avd Atlantida.
- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS nas rúas: Lomba, Babio, Carballo.

***ACTUACIÓNS PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS :**

- MELLORA DO ILLAMENTO: A) xanelas zona oficinas baixo e 1º andar, b) Tixelos e Falsos teitos en vestiarios e aula formación.
- Instalación de paneis Solares para ACS na cuberta da nave principal.

d) CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

- AXARDINAR o limite da parcela do muíño de Severo ao longo da estrada de Figueiras coa plantación dunha sebe e árbores autóctonas.
- REFORMA DE PASOS de pedra e varanda de madeira da escaleira de acceso aos muíños de Gontade.

e) CONCELLERÍA DE EMPREGO E PARTICIPACION CIDADÁ

- Reforma de local existente para Arquivo na Avd. E. Martínez Garrido.
- Reforma da instalación eléctrica da nave da Florida e formigonado da explanada exterior.
- Construción de Senda Peatonal na Contorna do Centro de Distrito de Saians.

IV. EFECTIVOS A CONTRATAR PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VIGO EMPREGA CONVOCATORIA 2024.

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Técnico Auxiliar de PRL</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico de maquinaria</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial pintura</i>
<i>Oficial albanelería</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Oficial electricidade</i>	<i>Peóns xardinería- forestal</i>	<i>Peóns construción</i>
<i>Delineante</i>		

O número de efectivos a convocar para o desenvolvemento do PROGRAMA VIGO EMPREGA 2024 serán os seguintes:

1. Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Capataces construción	3 (tres)

2. Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
a) Oficial albanel	11 (once)
b) Oficial electricista	1 (un)
c) Oficial fontaneiro	1 (un)
d) Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
e) Oficial Carpintería metálica	1 (un)
f) Oficial Carpintería madeira	1 (un)
g) Oficial Pintor	1 (un)
h) Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
i) Oficial xardinería	5 (cinco)
j) Oficial condución	10 (dez)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

3. Peóns beneficiarios/as :

Profesión	Postos a contratar
a) Construción.	24 (vintecatro)
b) Xardinería-forestal	12 (doce)

4. Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

Profesión	Postos a contratar
a) Auxiliar administrativo	1 (un)
b) Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
c) Delineante	1 (un)

O número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.3 das Bases de Selección de persoas candidatas, sería de:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 28% mulleres DLD	8
c) 2% vítima de violencia de xénero.	1
d) 1% persoas trans.	1
e) 21% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
f) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9
g) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	7

V. BASES REGULADORAS:

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN** establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá ca duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2024 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

A este respecto, cómpre lembrar que o réxime xurídico aplicable ás contratacións temporais nas Administracións Públicas ten variado substancialmente logo da entrada en vigor do RD-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Ao abeiro das modificacións

introducidas polo art. 1.3 do dito Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).

Para esta nova modalidade contractual vinculada a programas de activación para o emprego xenerouse un modelo de contrato e código propio para dar cobertura a estes contratos de duración determinada.

O RDLex 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego foi derogado pola Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego, cuxa Disp. Adic. 9ª sinala que: “1. *Las Administraciones públicas y, en su caso, las entidades sin ánimo de lucro podrán realizar contratos vinculados a programas de políticas activas de empleo previstos en esta ley con las personas participantes en dichos programas. La duración de estos contratos no podrá exceder de doce meses y, en el caso de la contratación realizada por Administraciones públicas, los procesos de selección deberán observar los principios de igualdad, mérito y capacidad. (...)*”

De acordo co anterior e, tal e como consta referido en antecedentes do presente informe-proposta, con data 22/04/2024 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2024 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 23 de marzo de 2023 no que sinala que: “(...) *non existe incompatibilidade PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2024 do Concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,....(...)*”. E sinala tamén que: “(...), *dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Fomento do Emprego Digno, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2024 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..*”.

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no “Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego”, que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

- Base 7ª. FORMACIÓN:

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que obriga a adicar o *15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

como en competencias persoais, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

PLAN FORMATIVO	Nº HORAS ESTIMADAS	TEMÁTICA	ESPECIALIDADE
<i>Nivel básico de prevención de riscos laborais</i>	60	Iniciais	PRL
<i>PRL para traballos no sector da construción</i>	6		
<i>PRL específico para xardinería</i>	6		
<i>PRL específico para albanelería</i>	8		
<i>Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante</i>	5		
<i>Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores</i>	5		
<i>Primeiros auxilios</i>	20		
<i>Manexo seguro de maquinaria de construción</i>	5		
<i>Plataformas elevadoras</i>	2		
<i>Montaxe de andamio Tubular</i>	10		
<i>Diagnose e reparación de humidades en obras de rehabilitación.</i>	21	Especialización Técnica	Construción
<i>Aillamentos para a rehabilitación.</i>	28		
<i>Instalador de falsos teitos, trasdosados e tabiques de placa de seixo laminado.</i>	28		
<i>Xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción</i>	14		
<i>Operacións básicas de soldaxe aplicadas en procesos de mantemento industrial</i>	28		
<i>Pintura decorativa en construción</i>	21		
<i>Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación. Madeira</i>	21		
<i>Operacións de fontanería e calefacción- climatización doméstica</i>	21		
<i>Instalacións solares fotovoltaicas</i>	28		
<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	10	Orientación Sensibilización	Comúns
<i>Igualdade de oportunidades</i>	10		
<i>Tramitación e administración dixital</i>	10		
<i>Habilidades Sociais</i>	5		
<i>Sensibilización Ambiental</i>	10		
<i>Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)</i>	14	Especialización técnica	Xardinería
<i>Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas</i>	25		
<i>Podas ornamentais e podas forestais</i>	7		
<i>Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe</i>	21		
<i>Tratamento e erradicación de especies invasoras</i>	14		
<i>Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa</i>	21		

- Base 8ª. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:

- Publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma do anuncio do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa

(pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

As bases reguladoras foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de maio de 2024 e constan publicadas tanto no BOP PO núm. 105 do xoves_30 de maio de 2024 coma no DOGA núm. 131 do luns, 8 de xullo de 2024.

- O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.
- Posteriormente, procederase á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.
- Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase á realización das probas: escrita e práctica.

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de “NSNM”, serán excluídas do proceso de selección.

- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerárase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

- Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

VI. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05/04/2024, acordou aprobar a proposta de actualización da estrutura salarial logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 12 de marzo de 2024, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións (táboas salariais publicadas no BOPPO núm. 74 do Martes, 16 de abril de 2024):

SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2024													Ano 2024: (04/11/24-31/12/24), 27 días e 1 mes			
Grupo Cotización Seg.Soc.	Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Import bruto mes	Base cotización	CNAE/Cod. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empre	Cotización por traballos	Custe total estimado	Custe postomes	CUSTO SALARIAL base cotización. (A)	COTA PATRONAL SS.SS (B)	INDEMNIZACIÓN 6 días. (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
5	3	Capataz-construción.	1.481,20	246,8700	1.728,0700	1.728,0700	84/d	38,38	663,2300	1.989,6900	2.391,3000	7.173,9000	9.849,9990	3.780,4110	0,0000	13.630,4100
5	1	Delineante	1.481,20	246,8700	1.728,0700	1.728,0700	84/-	33,33	575,9700	575,9700	2.304,0400	2.304,0400	3.283,3330	1.094,3430	0,0000	4.377,6760
5	1	Técnico Auxiliar PRL	1.481,20	246,8700	1.728,0700	1.728,0700	84/-	33,33	575,9700	575,9700	2.304,0400	2.304,0400	3.283,3330	1.094,3430	0,0000	4.377,6760
8	11	Oficial albanel	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	6.211,7000	2.036,0300	22.396,3300	30.750,7970	11.802,2300	0,0000	42.553,0270
8	1	Oficial carpintería aluminio	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	1	Oficial carpintería madeira	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	1	Oficial carpintería metálica.	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	10	Oficial conducción	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/f	38,38	564,7000	5.647,0000	2.036,0300	20.360,3000	27.955,2700	10.729,3000	0,0000	38.684,5700
8	1	Oficial electricista	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	1	Oficial fontaneiro	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	1	Oficial mecánico de maquinaria	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	1	Oficial pintor	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	2.795,5270	1.072,9300	0,0000	3.868,4570
8	5	Oficial xardinaria	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/g	35,28	519,0900	2.595,4500	1.990,4200	9.952,1000	13.977,6350	4.931,3550	0,0000	18.908,9900
7	1	Auxiliar administrativo	1.134,00	189,0000	1.323,0000	1.323,0000	84/a	33,18	438,9700	438,9700	1.761,9700	1.761,9700	2.513,7000	834,0430	0,0000	3.347,7430
10	24	Peón construción	1.134,00	189,0000	1.323,0000	1.323,0000	84/d	38,38	507,7700	12.186,4800	1.830,7700	43.938,4800	60.328,8000	23.154,3120	0,0000	83.483,1120
10	12	Peón xardinaria-forestal.	1.134,00	189,0000	1.323,0000	1.323,0000	84/g	35,28	466,7500	5.601,0000	1.789,7500	21.477,0000	30.164,4000	10.641,9000	0,0000	40.806,3000
75	TOTALS												201.675,96	75.572,75	0,00	277.248,70

SALARIOS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2024													Ano 2025: (01/1/25-3/05/25), 4 meses e 3 días			
Grupo Cotización Seg.Soc	Posto	Categoría	Salario mes	Plus extrasalarial	Import bruto mes	Base cotización	ONAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotizac SS empreg	Cotización por traballos	Custe total estimado	Custe posto/mes	CUSTO SALARIAL base cotización (A)	COTA PATRONAL SS.SS (B)	INDEMNIZACIÓN 6 días (C)	TOTAL CUSTO (A+B+C)
5	3	Capataz-construción.	1.481,20	246,8700	1.728,0700	1.728,0700	84/d	38,38	663,2300	1.989,6900	2.391,3000	7.173,9000	21.255,2610	8.157,7290	1.036,8420	30.449,8320
5	1	Delinante	1.481,20	246,8700	1.728,0700	1.728,0700	84/-	33,33	575,9700	575,9700	2.304,0400	2.304,0400	7.085,0870	2.361,4770	345,6140	9.792,1780
5	1	Técnico Auxiliari PRL	1.481,20	246,8700	1.728,0700	1.728,0700	84/-	33,33	575,9700	575,9700	2.304,0400	2.304,0400	7.085,0870	2.361,4770	345,6140	9.792,1780
8	11	Oficial albanel	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	6.211,7000	2.036,0300	22.396,3300	66.356,9830	25.467,9700	3.236,9260	95.061,8790
8	1	Oficial carpintería aluminio	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	1	Oficial carpintería madeira	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	1	Oficial carpintería metálica.	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	10	Oficial conducción	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/f	38,38	564,7000	5.647,0000	2.036,0300	20.360,3000	60.324,5300	23.152,7000	2.942,6600	86.419,8900
8	1	Oficial electricista	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	1	Oficial fontaneliro	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	1	Oficial mecánico de maquinaria	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	1	Oficial pintor	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/d	38,38	564,7000	564,7000	2.036,0300	2.036,0300	6.032,4530	2.315,2700	294,2660	8.641,9890
8	5	Oficial xardinaria	1.261,14	210,1900	1.471,3300	1.471,3300	84/g	35,28	519,0900	2.595,4500	1.990,4200	9.952,1000	30.162,2650	10.641,3450	1.471,3300	42.274,9400
7	1	Auxiliar administrativo	1.134,00	189,0000	1.323,0000	1.323,0000	84/a	33,18	438,9700	438,9700	1.761,9700	1.761,9700	5.424,3000	1.799,7770	264,6000	7.488,6770
10	24	Peón construción	1.134,00	189,0000	1.323,0000	1.323,0000	84/d	38,38	507,7700	12.186,4800	1.830,7700	43.938,4800	130.183,2000	49.964,5680	6.350,4000	186.498,1680
10	12	Peón xardinaria-forestal.	1.134,00	189,0000	1.323,0000	1.323,0000	84/g	35,28	466,7500	5.601,0000	1.789,7500	21.477,0000	65.091,6000	22.964,1000	3.175,2000	91.230,9000
75		TOTAIS											435.195,48	163.078,03	21.229,05	619.502,57

Os custos totais estimados das retribucións do persoal beneficiario a contratar serán determinados na aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local para o 2024, cuxo prazo estimado de contratación será, a partir do 4 de novembro de 2024 ata o 03 de maio de 2025 polo que os custos totais concréntanse nos dous exercicios orzamentarios e aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente aos anos 2024 e 2025:

- 2410 1310000 “ PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL” SALARIOS:
 - Orzamento 2024 **201.675,96€**
 - Orzamento 2025 **435.195,48€ € + indemnización fin de contrato: 21.229,05 €**
- 2410 16000001 “PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.”:
 - Orzamento 2024 **75.572,75€**
 - Orzamento 2025 **163.078,03€**

VII. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

VI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 28 de xuño de 2024 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

- Aprobar a convocatoria para a provisión dos seguintes postos segundo as bases de selección de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2024**, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de maio de 2024 e publicadas tanto no BOP PO núm. 105 do xoves 30 de maio de 2024 coma no DOGA núm. 131 do luns, 8 de xullo de 2024:

Capataces beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Capataces construción	3 (tres)

Oficiais de oficios beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Oficial albanel	11 (once)
Oficial electricista	1 (un)
Oficial fontaneiro	1 (un)
Oficial Carpintería aluminio	1 (un)
Oficial Carpintería metálica	1 (un)
Oficial Carpintería madeira	1 (un)
Oficial Pintor	1 (un)
Oficial mecánico maquinaria	1 (un)
Oficial xardinaría	5 (cinco)
Oficial conducción	10 (dez)

Peóns beneficiarios/as :

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Construción.	24 (vintecatros)
Xardinería-forestal	12 (doce)

Persoal Técnico administrativo beneficiarios/as:

<u>Profesión</u>	<u>Postos a contratar</u>
Auxiliar administrativo	1 (un)
Técnico Prevención de Riscos Laborais	1 (un)
Delineante	1 (un)

2. Establecer o número de postos de peóns beneficiarios a contratar nos diferentes colectivos, establecidos no apartado 9.1 das Bases de Selección de persoas candidatas:

a) 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as funcións do posto de traballo	2
b) 28% mulleres DLD	8
c) 2% vítima de violencia de xénero.	1
d) 1% persoas trans.	1
e) 21% menores de 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.	8
f) 25% persoas entre 31 e 44 anos DLD	9
g) 20% persoas maiores de 45 anos DLD .	7

3. Realizar a solicitude de persoas candidatas ás Oficinas do Servizo Público de Emprego, segundo os criterios de valoración establecidos nas bases de selección, para as distintas categorías profesionais das ocupacións ofertadas do procedemento de selección.

4. Aprobar a relación de obras a desenvolver dentro do programa na convocatoria do 2024, que deseguido se relacionan atendendo ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais, tales coma a eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do centro urbano, reformas para a mellora do estado dos edificios públicos e melloras medioambientais das zonas verdes de acceso público - que se reflicten nas fichas normalizadas e documentación técnica correspondente anexada en expediente relacionado núm. 20863-77, asinadas pola xefatura de servizo ca conformidade da concellería delegada da área de goberno correspondente, para a súa aprobación:

a) CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN:

A Concellería de Educación ten remitido necesidades de reformas para a mellora do estado dos colexios públicos que se indican a continuación:

- ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO: instalación de tarima flotante en 2 aulas. .
- EEI VILLA LAURA: Reforma dos baños, no primeiro andar do aulario.
- CEIP CABRAL SANTA MARIÑA: Reforma dos baños no baixo do edificio.

b) CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:

A concellería de Medio Ambiente ten remitido as seguintes necesidades de melloras medioambientais de zonas verdes de acceso público que constitúen uns dos espazos naturais de esparcemento, práctica deportiva e hábitos de vida saudable cun amplo uso por parte da poboación que habita no centro urbano. O entorno do río Lagares e resto de zonas verdes naturais forman parte do pulmón verde da cidade e son zonas de interese natural con baixa intervención humana, polo que responden a un proceso de conservación e protección natural:

- PROGRAMA DE ACTUACIÓN DE CONTROL DE PLANTAS ALÓCTONAS na duna.
- PROGRAMA DE ACTUACIÓN PECHES DUNARES.
- CONTROL DE ESCORRENTÍAS DA AUGA DAS CHUVIAS NA SENDA AZUL.
- RECUPERACIÓN SENDAS VERDES, RÍOS E HUMEDAIS.
- CONSTRUCCIÓN INTERIOR DO BAÑO no cemiterio de Lavadores.
- REFORMA DO ANTIGO TALLER DE CARPINTERÍA nun centro de veterinaria nas instalacións de Vigo .

c) CONCELLERÍA DE FOMENTO:

A concellería de Fomento ten remitido necesidades de eliminación de barreiras arquitectónicas nas rúas do termo municipal, así coma reformas para a mellora do estado das Instalacións dentro do parque central de servizos do concello de Vigo .



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

- ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS No termo municipal de Vigo, rúas: Pontevedra, Párroco José Otero, Pino, Gran Vía, Ramón María del Valle Inclán, Marques de Alcedo, Canovas del Castillo, Pracer, Montecelo Baixo, Portela, Couto de San Honorato, avd Atlantida.

- CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS nas rúas: Lomba, Babío, Carballo.

***ACTUACIÓNS PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS :**

- Mellora DO ILLAMENTO: a) xanelas zona oficinas baixo e 1º andar, b) Tixelos e Falsos teitos en vestiarios e aula formación.

- Instalación de paneis Solares para ACS, na cuberta da nave principal.

d) CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

- AXARDINAR o limite da parcela do muíño de Severo ao longo da estrada de Figueiras coa plantación dunha sebe e árbores autóctonas.

- REFORMA DE PASOS de pedra e varanda de madeira da escaleira de acceso aos muíños de Gontade.

e) CONCELLERÍA DE EMPREGO E PARTICIPACION CIDADÁ

- Reforma de local existente para Arquivo na Avd.E. Martínez Garrido.

- Reforma da instalación eléctrica da nave da Florida e formigonado da explanda exterior.

- Construción Senda Peoníl na Contorna do Centro de Distrito de Saians.

5. Aprobar o gasto total de 896.751,27 € con cargo ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente ao ano 2024 e 2025.

a) 2410 1310000 “ PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL”
SALARIOS:

- Orzamento 2024 **201.675,96€**
- Orzamento 2025 **435.195,48€ € + indemnización fin de contrato:
21.229,05 €**

b) 2410 16000001 “PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.”:

- Orzamento 2024 **75.572,75€**
- Orzamento 2025 **163.078,03€**

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(764).- MODIFICACIÓN PARCIAL E TEMPORAL DO RÉXIME DE DESCANSO DOS TAXIS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 4785/449.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/09/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Por acordo plenario de data 6 de setembro de 2010 aprobouse a disposición complementaria para a regulación de quendas de descanso no sector do taxi fixándose o descanso de 92 taxis por día de forma rotatoria de luns a domingo de 00:00 a 24:00 horas por un período de proba de tres meses. A adopción de dita medida foi provocada pola situación de crise e diminución de traballo do sector.

Por acordo plenario de data 31 de xaneiro de 2011 foi aprobada a prorroga do descanso obrigatorio dos taxis da cidade, aprobado inicialmente por un período de tres meses e nas mesmas condicións, acordo que se mantén en vigor até a data.

SOLICITUDES :

Na data 12 de setembro de 2024 a Asociación Élite Taxi Vigo (CIF G27844935), representada polo seu Presidente Daniel Matías Gómez, expón :

“Como en anos anteriores se aproxima as fechas de la feria Conxemar. Es previsible el aumento de la demanda en los días de la feria. Principalmente en los horarios de entrada y salida de la feria. Así como el día anterior y el día siguiente a la feria por la instalación y retirada de los expositores.

En este momento está suspendido el descanso en horario nocturno pero es más que necesario sacar toda la flota disponible también por el día y así mantener el mejor servicio posible para toda la ciudad.

Polo que solicitan la suspensión total del día de descanso durante los días de la semana que más afectan a la feria, desde el lunes 30 de septiembre al viernes 4 de octubre.

Na data 16 de setembro de 2024 D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente da Xunta Directiva da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (C.I.F. G-36636637), e en representación da mesma, considerando que é responsabilidade do seu colectivo garantir unha adecuada prestación do servizo de taxi en canto a eficiencia e calidade, expón:

“Que para los días 1,2 y 3 de Octubre con motivo de la celebración en nuestra ciudad de la Feria Conxemar 2024, se prevé un importante aumento de la demanda de nuestros servicios. Esto afecta tanto para las personas que se van a desplazar a la Feria, para aquellos que vienen a la ciudad para acudir a ella y también por el movimiento diurno y nocturno que ello va a generar. Asimismo, debemos ser conscientes de nuestra obligación de seguir prestando un adecuado nivel de servicio a nuestros clientes habituales.

Por tal motivo, y a fin de solucionar y anticiparnos a que la oferta de servicio sea inferior a la demanda, proponemos que con carácter provisional se suspenda el descanso obligatorio durante los días 1,2 y 3 de octubre “

INFORME :

Nos últimos anos e dende a pandemia produxéronse importantes variacións en relación coa demanda do servizo de taxis na cidade, pasando dunha escasa demanda durante os anos 2020 e 2021, a un incremento da demanda durante os anos 2022, 2023 e o ano 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

Durante as festas de Nadal 2022 foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso até o 15 de xaneiro en horario nocturno, sen que se apreciase exceso na oferta.

Durante a celebración do Marisquiño foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso durante as 24 horas dos días 10, 11, 12, e 13 de agosto de 2023, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda nas mencionadas datas e a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

E, así mesmo foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, no período comprendido entre o 1 de xullo e até o 3 de setembro de 2023 incluído, ao obxecto de poder satisfacerse o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis. Durante a celebración da feira Conxemar no ano 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso, durante as 24 horas dos días 2 ao 6 de outubro de 2023, solicitada a fin de poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración da citada feira.

Durante a celebración das festas do Nadal 2023, foi suspendida provisionalmente a obrigatoriedade do descanso no horario comprendido entre as 22:00 e as 08:00 horas, até o 14 de xaneiro de 2024 incluído, ao obxecto de poder satisfacer o previsible incremento da demanda existente, e manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 26 de xaneiro de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial, do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, solicitada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, e pola asociación Elite Taxi Vigo na data 19 de xaneiro de 2024, no horario comprendido entre as 22:00 e as 09:00 horas, e en tanto se manteñan as circunstancias de demanda actuais, a fin de manter a calidade do servizo de taxis.

Na data 19 de xullo de 2024 foi autorizada a suspensión con carácter parcial e temporal do réxime de descanso obrigatorio dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, solicitada pola Asociación provincial de Autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, na data 23 de maio de 2024, no horario comprendido entre as 09:00 horas e as 22:00 durante os días 8, 9, 10 e 11 de agosto de 2024, a fin de manter a calidade do servizo de taxis, durante a celebración do Marisquiño 2024.

Durante todos estes períodos de suspensión da obrigatoriedade do descanso, non se aprecia exceso de oferta en ningún caso.

A solicitude de suspensión temporal e parcial do descanso obrigatorio durante a celebración da feira Conxemar foi solicitada polas dúas asociacións representativas do sector a fin de poder garantir a satisfacción da demanda, e evitar as queixas sobre a calidade do servizo.

Ante o previsible incremento da demanda, o Concello ten a obriga de garantir a cantidade e calidade do servizo de taxi, polo que se considera que procede adoptar medidas por parte do servizo de transportes, a fin de garantir que durante as 24 horas do día o servizo sexa suficiente para satisfacer a demanda, e evitar que esta sexa superior á oferta, cos prexuízos que poderían derivarse para os usuarios de transporte público da cidade.

En canto as datas de suspensión, considerase que a mesma debe autorizarse soamente durante as datas de celebración da feira Conxemar que son os días 1, 2 e 3

de outubro, datas nas que se produce un importante incremento da demanda, e en canto ao horario debe ser de 9:00 horas até as 22:00, xa que no horario nocturno o servizo xa esta liberado.

Polo exposto, por parte de este servizo propónse informar favorablemente, ao amparo da regulación legal recollida no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo, a solicitude formulada pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 12 de setembro de 2024 e pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, na data 16 de setembro de 2023, e acordar a modificación parcial e temporal do réxime de descanso do servizo de taxi da cidade, no horario diúrno dende as 9:00 horas até as 22:00 durante os días 1,2, e 3 de outubro de 2024, autorizando a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin de poder satisfacer a demanda, e de conformidade coas solicitudes presentadas polas asociacións representativas do sector.

RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN :

De conformidade co disposto no artigo 39 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na data 9 de febreiro de 2015, e modificada nas datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022: “Cando concorran situacións excepcionais que impliquen un importante diminución ou incremento da demanda perfectamente xustificada e provisional no tempo, que poida afectar as condicións de prestación do servizo en relación coa rendibilidade do mesmo, e que non se trate dunha proposta que de lugar a unha modificación permanente do sistema de descansos, pode estudarse unha modificación provisional do réxime de descanso. A proposta pode ser á solicitude das asociacións representativas do sector acreditando o apoio a iniciativa, dunha maioría absoluta das licenzas de taxi existentes.

De conformidade co disposto na vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi, no seu artigo 4 apartado b establece que:) a competencia para a aprobación das disposicións complementarias de prestación do servizo corresponde a Xunta de Goberno Local, polo que considerando que o descanso obrigatorio para o sector do taxi, foi aprobado por unha disposición complementaria da ordenanza reguladora do servizo, considerase que no presente caso, por tratarse dunha suspensión parcial e temporal dunha parte do contido da mesma, corresponde adoptar o Acordo ao mesmo órgano que ten a competencia para a súa aprobación.

Polo exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO

Autorizar a modificación con carácter parcial e temporal, do réxime de descanso dos taxis da cidade aprobado na data 31 de xaneiro de 2011, durante os días 1,2, e 3 de outubro de 2024 en horario de 9:00 a 22:00, solicitada pola Asociación Élite Taxi Vigo, na data 12 de setembro de 2023, e pola Asociación provincial de autopatronos del taxi da provincia de Pontevedra, na data 16 de setembro de 2023, permitindo a prestación do servizo durante os mencionados días e horarios a tódolos taxis da cidade, a fin de poder garantir a demanda de servizo derivada da celebración na cidade durante as citadas datas da feira CONXEMAR.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

8(765).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA PRESTACIÓN, INTEGRACIÓN COS SISTEMAS MUNICIPAIS DE INFORMACIÓN E SOPORTE TÉCNICO DUN SOFTWARE, EN MODALIDADE DE “SOFTWARE AS A SERVICE” (SAAS), PARA A XESTIÓN INTEGRAL DE PARQUES PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. EXPTE. 6610/213.

Visto o informe xurídico de data 18/09/2024 e o informe de fiscalización do 24/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/09/2024, asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios, pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local con data 6 de outubro de 2022 acordou: (expte 6610-213):

Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de “software AS A Service” (SAAS), para xestión integral de parques para o Servizo Contra incendios do Concello de Vigo, que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo e xefe de informática en data 12 de abril de 2022.

2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación,

redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 4 de maio de 2022.

3o.- Autorizar o gasto por importe de 51.875,73 euros, do que 9.003,23€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria

13606410002 “Aplicacións Informáticas Xestión Parque” do presuposto municipal vixente.

Ano 2022: 3.746,59€

Ano 2023: 25.937,85€

Ano 2024: 22.191,29€

2. Con data 8 de novembro de 2022 asinouse o contrato administrativo entre o Concello de Vigo e Consultoría Informática, Tecnológica del Noroeste S.L.(B-94115177) cun prazo de execución de 2 anos naturais sendo a data de inicio 9 de novembro de 2022 (cláusula 4) .

3. (CONFORMIDADE EMPRESA ADXUDICATARIA) :

3. A través da notificación co número de saída 118672-2024-1 comunicou ao adxudicatario o pre aviso da prórroga do contrato.

Por escrito de entrada na sede electrónica municipal nº 240254752, de data 27 de agosto de 2024, Don Pablo Leiro Domínguez con DNI 77401500Z, en nome e representación da Consultoría Informática, Tecnológica del Noroeste S.L.(B-94115177), presta a súa conformidade á primeira prórroga do contrato 6610-213 cunha duración dende 9 de novembro de 2024 o 8 de novembro de 2027.

4. A empresa adxudicataria ten cumprido satisfactoriamente con todo o estipulado no citado contrato, desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público regula no seu artigo 29.4 que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

2.- Consonte o artigo 29.2 da LCSP, o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

3.- Neste senso, tanto a cláusula 4ª do contrato asinado con data 4 de maio de 2022 como a cláusula 7.3 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e apartado 4.c) das FEC, establecen que o presente contrato terá unha vixencia de 2 anos a contar dende o día 9 de novembro de 2022 prevéndose a posibilidade dunha prórroga de tres anos.

4.- O expediente de prórroga do contrato iníciarase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución do concelleiro da Área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.

5. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

6. Os técnicos que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

7. Competencia: Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020)) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, e previo informe de Intervención, remítese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte

PROPOSTA:

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de “ software AS A Service” (SAAS), para xestión integral de parques para o Servizo Contra incendios do Concello de Vigo (expediente núm 6610-213), polo período de tres anos, é dicir, dende o día 9 de novembro de 2024 ao 8 de novembro de 2027.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer o gasto polo importe total de 77.813,58€ , dos cales corresponden:

Ano 2024: 3.746,59€

Ano 2025: 25.937,85€

Ano 2026: 25.937,85€

Ano 2027: 22.191,29€

que se financiarán con cargo as aplicación orzamentaria 13606410002 “ Aplicacións Informáticas Xestión Parque”

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á empresa contratista nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC),

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(766).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFA DE ESTATÍSTICA. EXPTE. 1712/110.

Visto o informe de fiscalización de data 18/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/09/2024, asinado pola secretaria de Goberno local, a concelleira delegada de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira delegada da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 5 de abril de 2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as Bases reguladoras transcritas no para a provisión do posto de Xefe/a de estadística mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

En data 12 de abril de 2024 publicouse no BOP PO as bases que rexe a convocatoria.

En data 7 maio de 2024 publicouse no DOG extracto da convocatoria.

En data 25.05.2024 Boletín Oficial del Estado, publicouse anuncio da convocatoria rematando en data 17.06.2024 o prazo de presentación de instancias.

En data 5.08.2024 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación a lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a de estadística. No mesmo acto designouse aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria e convocouse a sesión constitutiva e valoración provisional.

Consta no expediente acta da Comisión de Valoración de data 14.08.2024 e posterior de data 5.09.2024 pola que se determina a valoración provisional e definitiva dos méritos xerais e específicos (primeira fase) e acta da comisión de valoración de data 11.09.2024 relativa a segunda fase " Memoria" conforme as bases da convocatoria.

A Comisión de valoración en sesión de data 11.09.2024 formula a seguinte proposta

"Primeiro.- Estimar, nos termos sinalados nesta acta, a alegación formulada pola Sra. Román Celada na súa reclamación presentada co rexistro de entrada núm. R20240071421 de 09/09/2024 (cód. doc. 240272292, cód. solic. W1161788-5400).

Outorgarlle a valoración definitiva da primeira fase do proceso que se une como Anexo I a este acta como proposta do Tribunal.

Manter a exclusión da aspirante Sra. Román Celada do proceso aon non superar a puntuación mínima establecida na base cuarta, primeira fase, das específicas que rexen este proceso de provisión do posto.

Segundo.- *Propoñer a adxudicación do posto de traballo de Xefe de Estatística do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, a favor da seguinte aspirante:*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

Proposta de nomeamento (Base 5ª das bases das específicas que rexen o proceso de provisión, BOP núm. 72 do 12/04/2023):

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación fase primeira (méritos)	Puntuación fase segunda (memoria)	TOTAL
1	***2781**	Domínguez Estévez, Mónica	25,19	6,00	31,19

“

Conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria unha vez examinadas e resultas polas comisións as reclamacións, se as houberse, procederá a elevar proposta definitiva da resolución do concurso, entendendo a estimación ou desestimación das reclamacións implícita na proposta definitiva da resolución do concurso.

A vista da acta formulada pola Comisión de Valoración en sesión de data 11.09.2024, procede elevar a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a adopción do acordo conforme o disposto no artigo 127.1.h da LRBRL, previo informe de fiscalización pola Intervención Municipal, o seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Adxudicar o posto de traballo de Xefe de Estatística do Concello de Vigo, descrito na base primeira das específicas que rexen a convocatoria, a favor da seguinte aspirante:

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Puntuación fase primeira (méritos)	Puntuación fase segunda (memoria)	TOTAL
1	***2781**	Domínguez Estévez, Mónica	25,19	6,00	31,19

SEGUNDO.- A formalización da toma de posesión realizarase conforme a cláusula sexta das bases da convocatoria.

TERCEIRO.- A resolución da convocatoria publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo

CUARTO.- Contra este acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(767).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”. EXPTE. 5469/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/09/2024, asinado pola técnica de Xestión, o técnico de Administración Xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en data 10.03.2022 remítese o proxecto de “MACROPARQUE DE XOGOS EN FINCA MATÍAS”, redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Daniel Prieto Renda da empresa Soltec Ingenieros, S.L.

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 31.03.2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación localízase na parcela de titularidade municipal con número 303 “ZONA VERDE FINCA MATÍAS” do Epígrafe I do Inventario Municipal de Bens e Dereitos. Trátase de unha zona verde con alta densidade de vexetación e arborado de gran porte, diferenciada en dúas áreas: o Parque Infantil do Toxal e o parque Finca Matías. Ambas áreas presentan un alto grado de degradación e difícil acceso, o que provoca unha infrautilización dun entorno con alta densidade de poboación.

- As obras a executar para solucionar esta problemática enuméranse a continuación:
- Redistribución en plataforma única peonil na rúa Toxal con prioridade peonil e circulación prohibida excepto residentes e vehículos de servizo. Dotación de sinalización en todo o tramo.
- Creación de dúas zonas de esparcemento separadas pola rúa do Toxal. A área inferior (Finca Matías) dividirase en dúas zonas diferenciadas; una zona para nenos de 0 a 3 anos e unha zona para nenos de 3 a 8 anos, sendo a área superior (O Toxal) una zona de xogos para todas as idades.
- Pavimentación con diferentes materiais segundo uso. Na rúa Toxal propónse a utilización de seccións de firme de misturas bituminosas, na zona peonil utilización de lousas vulcano o similar con cores a definir (mosaico), nas zonas de xogos dispórase de pavimentos amortecidos a base de unha capa S.B.R con acabado EDPM en cores variados.
- Dotación de xogos inclusivos en todo o ámbito de actuación destinados a diferentes rangos de idade. Disposición de un xogo interactivo con realidade aumentada.
- Renovación das redes de servizos existentes:
 - Execución de unha nova rede de pluviais. Renovar e mallar a rede de abastecemento con tubaxes de fundición dúctil.
 - Renovación da rede de alumeadado pública mediante sistemas de alta eficiencia enerxética.
 - Soterramento da rede eléctrica e da rede de telefonía.
- Dotación de mobiliario urbano funcional (bancos, mesas, papeleiras, fontes de auga etc.).
- Realizárase o cerramento das áreas mediante vallas metálicas con elementos decorativos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

- Plantación de céspede e pantallas vexetais en cerramentos, mediante especies arbustivas. Protección da masa arbórea existente. Instalación dunha rede de rego mediante goteo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (OITO) 8 meses.

IV.- A Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos emite en data 16.09.2024 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O solo onde execútanse as actuacións emprázanse no ámbito do Plan Xeral de Ordenación Urbana De Vigo (PXOU93) vixente, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG no87, do 10/05/1993; BOP no133, do 14/07/1993), coas súas modificacións puntuais, habida conta da declaración de nulidade contida na sentenza de 10.11.2015 do Tribunal Supremo que afectou ás ordes da Conselleira da CPTOPT do día 16.05.2008 de aprobación definitiva e parcial do PXOM (DOG no 106, do 03.06.2008; BOP no 151, do 06.08.2008) e do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 de aprobación do documento de cumprimento da Orde do día 16.05.2008 (DOG no 144, do 24.07.2009; BOP no 175, do 10.09.2009).

A actuación prevista o ámbito do proxecto está clasificado como Solo Urbano No Consolidado e as obras proxectadas son compatibles coas previsións do planeamento segundo informe da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 09/11/2023.

As obras atópanse fora da área de protección arqueolóxica, arquitectónica e etnográfica segundo informe do servizo de Patrimonio Histórico de data 07/11/2023.

No Anexo 16 do proxecto indicase que as actuacións definidas non se engloban nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, polo que non precisa someterse a avaliación de impacto ambiental. Non se aprecia que a obra afecte a ningunha normativa sectorial significativa.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“MACROPARQUE DE XOGOS NA FINCA MATÍAS”**, redactado polo Enxeñeiro Industrial Daniel Prieto Renda cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E NOVE MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS con NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (2.849.743,98€) e con sinatura dixital de data 02.09.2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

11(768).- RECEPCIÓN OBRAS DE URBANIZACIÓN DO «PROXECTO MODIFICADO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO 3- PERI SAN ROQUE, A». EXPTE. 5334/401.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/09/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, co ditame favorable do Concello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do 24/09/2024, que di o seguinte.

I.- ANTECEDENTES E FEITOS

A) Actuacións administrativas realizadas

Con data do 29.07.2002 o Pleno do Concello de Vigo, acordou prestar aprobación definitiva á “*Modificación Puntual núm. 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana*” (Exp. 6527/411).

En data 28.07.2004 o Pleno do Concello de Vigo, prestou aprobación definitiva ao PERI IV-01 San Roque, cuxo punto segundo da súa parte dispositiva reza como segue: “(...) *Aprobar definitivamente o “PERI IV-01-San Roque A”, de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo (...)*”.(Exp. 8159/411).

O día 24.10.2005 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, prestou aprobación á constitución da Xunta de compensación do polígono 3 do PERI IV 01 San Roque; En data 10.03.2008 a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar definitivamente o Proxecto de compensación (Exp. 4783/401).

En data 04.08.2008 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, prestou aprobación con carácter definitivo, ao “*Proxecto de urbanización do polígono 3, do PERI IV 01 San Roque A*”, proxecto redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Moreno García e o arquitecto José Antonio Comesaña García.

Neste estado da tramitación, e trala achega de diversas achegas, dando cumprimento a senllos requirimentos efectuados por esta administración en atención aos informes técnicos que obran no expediente, con datas 06.09.2021 e 07.09.2021 (doc. Núm. 21018828889, 210182895, 210182896, 210182897, 210183214 y 210183215) a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , insería no rexistro electrónico desta XMU, documentación completa do proxecto de urbanización, axustando o orixinal aprobado as novas normativas; A antedita documentación foi informada favorablemente o 09.09.2021 polo enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas.

B) Modificación do Proxecto de urbanización

Sentados os antecedentes expostos, con data do 30.10.2023 (Cod.Sol.: W988639-5990; Doc. Núm. 230341495) a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , insería no Rexistro electrónico desta XMU, impreso de solicitude, ao que xunta informe sobre os axustes a realizar na urbanización do polígono de San Roque; A vista da antedita documentación, con data 09.11.2023 o enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas emite informe técnico, no que conclúe que resulta necesario a tramitación dun proxecto Modificado de urbanización a vista dos cambios producidos.

Con datas do 04.03.2024 e 03.04.2024 a Xunta de compensación do Polígono 3 PERI IV-01 SAN ROQUE A , presenta no rexistro electrónico desta XMU, documentación técnica consistente no “*Proxecto modificado do proxecto de urbanización do Polígono 3 PERI IV- 01 San Roque*, co núm. XMU-240000296,(DOC. Núm. 240075355) e núm. XMU-24000490 (doc. Núm. 240107958), aos efectos da súa tramitación e aprobación.

Así as cousas, con data 19.04.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou, prestar aprobación con carácter inicial ao “Proxecto Modificado de Urbanización do Polígono 3- PERI SAN ROQUE”, instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 04.03.2024, (DOC. Núm. 240075355) e 03.04.2024 (doc. Núm. 240107958) , actualizada e refundida, elaborada polos arquitectos J. D. R. R (Colexiado núm. 1104 do COAG) e D. R. Z (Colexiado núm. 1918 do COAG), de data xaneiro de 2024”.

Finalmente, a Xunta de goberno local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do día 12 de xullo de 2024, acordou prestou aprobación, con carácter definitivo ao «Proxecto Modificado de Urbanización do Polígono 3- PERI SAN ROQUE», instrumento urbanístico conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 04.03.2024, (Doc. Núm. 240075355) e 03.04.2024 (Doc. Núm. 240107958), actualizada e refundida, elaborada polos arquitectos J. D. R. R (Colexiado núm. 1104 do COAG) e D. R. Z (Colexiado núm. 1918 do COAG), de data xaneiro de 2024; así como, polo informe de contestación á alegación presentada no período de información pública asinado por J.L.S.P, de data 25.06.2024 (Doc. Núm. 240206700).

C) Recepción das obras de urbanización

Con data 24.06.2024 tivo entrada no rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo, impreso de solicitude asinado por Daniel Alberto Rivoira Zecca (Cod. Sol.: W1125654-633) na súa calidade de arquitecto director das obras, polo que solicita a recepción final da urbanización por parte desta administración, ao que xunta CD para a descarga de toda a documentación necesaria e preceptiva para dito trámite, no que se inclúe: Certificado final de obra, acta de entrega das obras de urbanización asinada en data 16.09.2024 pola dirección das obras “Rodríguez y Rivoira Arquitectos SLP, a construtora e a xunta de compensación, planos finais das obras executadas, informe resume dos ensaios de control de calidade, documentación acreditativa da inscrición rexistral das parcelas municipais de cesión, e proposta de adhesión ao modelo de estatutos para a constitución da entidade urbanística de conservación do ámbito.

En data 18.09.2024 (Cod. Sol. W1166535-6990) o arquitecto director das obras presenta no rexistro electrónico desta XMU, certificado final de obras ordinarias, asinado en data 18.06.2024 polos arquitectos Julio Daniel Rodríguez Rodríguez e Daniel Rivoira Zecca (núm. De colexiación COAG 1104 e 1918, respectivamente).

De conformidade co instado, mediante senllas dilixencias asinadas polo Xerente de Urbanismo con data do 27.06.2024, solicitouse dos servizos municipais con competencias na materia, a emisión do informe que corresponda verbo do estado final das ditas obras e instalacións.

Constan no expediente a emisión dos seguintes informes técnicos municipais favorables a recepción final da urbanización:

- Informe do servizo de electromecánicos de data 13.09.2024 (trámites 89 e 90 do expediente dixitalizado), no que respecta a recepción das instalacións de iluminación pública realizadas, de carácter favorable, ao que se xunta informe final da empresa de mantemento de iluminación pública con medicións eléctricas e documentación de legalización.

Pola súa banda, obran no expediente os seguintes informes favorables emitidos polos operadores de servizos,

- Informe de Aqualia de data 13.09.2024 (trámite 30 do expediente dixitalizado; Doc. Núm. 240278205), no que informa favorablemente a recepción das redes de abastecemento instaladas, así como a recepción das redes de saneamento instaladas,
- Informe de Nedgia Galicia SA (Gas) emitido en data 16.07.202, no que conclúe que as obras correspondentes a Vázquez Varela, 51 (polígono 3 PERI-IV. 01 San Roque) teñen sido executadas na súa totalidade de conformidade co establecido no “Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles”,
- Informe de UFD Distribución electricidade SA emitido en data 22.08.2024, de carácter positivo sen que exista ningún condicionante,
- Informe de Telefónica de España S.A.U, asinado en data 30.07.2024.

Elevado o presente expediente ao enxeñeiro civil da oficina de urbanización e infraestruturas, con data do 17.09.2024 emite informe técnico favorable á presente solicitude de recepción de obras de urbanización, logo de inspeccionar as mesmas, ao que incorpora documentación gráfica (fotografías do estado final das obras; ver trámite 98 do expediente dixitalizado), do que se extracta a continuación o seu teor literal :



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

“(.)INFORME

Para la recepción de las obras, tal y como indica la Instrucción 1/2015 por la que se modifica la instrucción 2/2012 y se aprueba el protocolo de actuación para el seguimiento y recepción de las obras de urbanización del Ayuntamiento de Vigo, expte. 255/403, se han recopilado y constan en el expediente:

1. Planos finales de las obras ejecutadas en formato PDF y DWG; Doc 240266489 de 5/09/24.
2. Certificado final de obra firmado por el Director de las obras; Doc 240205479 de 24/06/24.
3. Acta de entrega de las obras, firmada por la dirección de obra, la constructora y la Junta de Compensación; Doc 240278883 16/09/24.
4. Informe resumen de los ensayos de control de calidad; Doc 240266489 de 5/09/24.
5. Documentación acreditativa de la inscripción registral de las parcelas municipales de cesión; Doc 240278883 16/09/24.
6. Propuesta de adhesión al modelo de estatutos para la constitución de la Entidad Urbanística de Conservación de las zonas verdes; Doc 240278883 16/09/24.

También se han aportado los planos finales, (residuales, pluviales, abastecimiento, gas, electricidad, telecomunicaciones, alumbrado, semáforos, jardinería y riego) con la posición exacta de los elementos, registros y servicios de las obras.

Para la Recepción de estas obras, se han recavado los siguientes informes municipales y de operadores de servicios y constan en este expediente:

- Electromecánicos Trámites 89 y 90 de 16/09/24
- Aqualia Doc 240278205 de 16/09/24
- Nedgia Galicia SA (gas) Doc 240221971 de 15/07/24
- UFD Distribución Electricidad SA Doc 240250549 de 22/08/24
- Telefónica Trámite 77 de 02/08/24

El departamento municipal de Montes, Parques y Jardines no ha manifestado inconveniente a la recepción de las obras. Las zonas verdes de la urbanización serán mantenidas por la Entidad Urbanística de Conservación por un plazo de cinco (5) años a contar desde la fecha de recepción de la urbanización, tal y como indica la Ordenanza Municipal Reguladora de las Entidades Urbanísticas de Conservación del Ayuntamiento de Vigo, exp 5166/401 (BO-PPO num 171 del 6/09/17).

Inspeccionadas las obras de Urbanización, se comprueba que se han ejecutado correctamente, salvo vicios ocultos, y se ajustan a lo definido en el proyecto modificado aprobado y a los planos finales aportados.

Por lo expuesto, desde el punto de vista urbanístico, no existe inconveniente en acceder a la solicitud.

Una vez Acordada la recepción de las obras por el órgano competente, se deberá dar traslado a los siguientes departamentos municipales y proveedores de servicios:

- Patrimonio Municipal
- Policía Local
- Seguridad y movilidad
- Limpieza
- Montes Parques y Jardines
- Electromecánicos
- Fomento (vías y Obras)

- UFD Distribución Electricidad SA
- Telefónica
- Nedgia Galicia SA (gas)
- R cable y telecable telecomunicaciones SAU
- Aqualia

Se adjuntan Fotos de las obras:(.)”.

II.FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

II.I Normativa examinada

- RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, e as súas modificacións,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014,
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019),
- Instrución 1/2015 pola que se modifica a Instrución 2/2012 e se aproba o Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización do Concello de Vigo (aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22.10.2015, B.O.P nº 223, do 18.11.2015),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P nº 133, o 14 de xullo de 1993,
- Estatutos da XMU (A.D. versión refundida e consolidada Pleno do Concello de día 06.09.2010, BOP nº. 193, de día 06.10.2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II Recepción das obras de urbanización

De conformidade co disposto no artigo 96 da LSG/2016, os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidos no planeamento e non poderán modificar as previsión do planeamento que desenrolan, sen prexuízo de que podan efectuar as adaptacións exixidas pola execución material das obras, respectando, en todo caso, as condicións de accesibilidade.

No mesmo senso, o artigo 7.4, segundo parágrafo, do TRLS, establece que a terminación das actuacións de urbanización producírase cando conclúan as obras urbanizadoras de conformidade cos instrumentos que as lexitiman, téndose cumpridos os deberes e levantado as cargas correspondentes.

No presente caso, as obras urbanizadoras, correspondesen coas incluídas no proxecto modificado do Polígono 3 PERI IV-01 San Roque, aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión que tivo lugar en data 19 de abril de 2024 (expediente 4719/401), foron executadas pola promotora – Xunta de compensación-, do xeito e co resultado que se reflicte no relato de feitos, e consonte ao exposto no informe do enxeñeiro de obra civil desta XMU de data 17.09.2024, no que se propón a recepción das devanditas obras, ao sinalar, a este respecto, que dende un punto de vista urbanístico, non existe inconveniente en acceder ao peticiónado, ao comprobar que se teñen executado correctamente, salvo vicios ocultos, e se axustan ao definido no proxecto modificado aprobado e aos planos finais aportados.

Como xa consta en reiterados informes da Oficina de Planeamento – Xestión, a decisión de recibir as obras de urbanización é marcadamente técnica, e no senso exposto, o enxeñeiro técnico de obras públicas proponente, expón a súa conformidade á recepción das obras mediante informe de data 17.09.2024 transcrito no relato de feitos; Correspondendo aos servizos técnicos acreditar que consta a execución das obras referidas no proxecto de urbanización modificado e que as obras se atopan en estado de ser recibidas.

II.III Órgano competente

A competencia para a adopción do presente acordo atribúese á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecedente, e de conformidade co informe técnico que obra no expediente de data 17.09.2024, que se incorpora ao texto da presente proposta e lle serve de motivación, consonte ao establecido no artigo 88.6 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, -LPACAP-, proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a recepción das obras de urbanización incluídas no «*Proxecto Modificado de Urbanización do Polígono 3- PERI SAN ROQUE, A*» aprobado definitivamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria que tivo lugar en data 19.04.2024, executadas pola súa Xunta de compensación, en base e de conformidade co informe técnico que obra no expediente, asinado con data 17.09.2024.

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro do presente acordo a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que perante o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de (1) un mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación e/ou publicación, de conformidade co establecido nos artigos 10,14, e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Patrimonio Municipal, Policía local, Seguridade e Mobilidade, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Fomento, así como as empresas subministradoras Aqualia, UFD Distribución Electricidad SA, Telefónica. R Cable e Telecable telecomunicacións SAU e Nedgia Galicia SA (gas).

CUARTO: O contido íntegro do presente acordo así como a documentación técnica que o integra estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=gal no apartado de PROXECTOS.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Dar conta da resolución do TACGAL sobre o recurso especial nº 132/2024 interposto contra os pregos do procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo. Expte. 8173/252.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade

co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

12(769).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO ESPECIAL Nº 132/2024 INTERPOSTO CONTRA OS PREGOS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA DO CONCELLO E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 8173/252.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación a proposta de data 25/09/2024, asinada pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 141/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 13229/2024, interposto pola Confederación Intersindical Galega contra os pregos da contratación para a prestación do “Servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo”, expediente 8173- 252. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

- 1. Desestimar o recurso interposto pola Confederación Intersindical Galega contra os pregos da contratación para a prestación do “Servizo de limpeza das dependencias da Casa do Concello e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo”, expediente 8173 - 252 dese Concello.*
- 2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do expediente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(770).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1752/1102

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez